Diagnose Igualdade Compostela

Análise cuantitativa

CONCELLO DE SANTIAGO

Concellaría de Igualdade

ÍNDICE

0.Aproximación actual e necesidades detectadas (8)

I. Demografía e poboación (8)

1. Estrutura da poboación por idade (9)
2. Distribución da poboación feminina segundo idade (11)
3. Lugar de nacemento e nacionalidade (13)
4. Nacementos (17)
5. Matrimonios (20)
6. Fogares (21)
7. Emprego (24)
8. Educación (33)

II. Benestar e calidade de vida (46)

9. Conciliación e Corresponsabilidade (46)
10. Benestar social (53)
11. Violencia de Xénero (58)

III. Tempo de Lecer (63)

IV. Participación social e asociacionismo (71)

12. Visibilidade e presenza das mulleres en Compostela (71)
13. Administración Local (73)

Índice de Gráficas

	Páxina
Gráfica 1. Poboación por sexo. Compostela 2014.	9
Gráfica 2. Idade medida da poboación. Compostela 2014.	9
Gráfica 3. Poboación en Compostela segundo sexo e grupos quinquenais de idade. 2014.	10
Gráfica 4. Poboación en Compostela de máis de 65 anos por grupos quinquenais por sexo.2014.	11
Gráfica 5. Distribución da poboación feminina segundo grandes grupos de idade. Compostela 2014.	13
Gráfica 6. Poboación segundo lugar de nacemento.Compostela 2011.	13
Gráfica 7. Mulleres por lugar de nacemento Compostela 2011.	14
Gráfica 8. Porcentaxes de poboación total segundo nacionalidade. Compostela 2014.	15
Gráfica 9. Poboación estranxeira por sexo e grandes grupos de idades. Compostela 2011.	16
Gráfica 10. Poboación inscrita en Compostela residente no estranxeiro por sexo 2011-2015.	16
Gráfica 11. Evolución de nacementos por sexo 2010-2014. Compostela.	17
Gráfica 12. Evolución de nacementos segundo a idade da nai 2010-2013. Compostela.	18
Gráfica 13. Evolución dos nacementos segundo o estado civil da nai 2010-2013. Compostela.	19
Gráfica 14. Evolución de nacementos segundo a relación coa actividade da nai 2010-2013. Compostela.	19
Gráfica 15. Evolución do número de matrimonios 2009-2014. Compostela.	20
Gráfica 16. Evolución de matrimonios de diferente sexo segundo a idade da muller. Compostela.	21
Gráfica 17. Fogares segundo a tipoloxía. Compostela 2013.	21
Gráfica 18. Idade Media da persoa principal do fogar segundo sexo. Compostela 2013.	22
Gráfica 19. Idade Media da persoa sustentadora do fogar segundo sexo. Compostela 2013.	23
Gráfica 20. Ingresos medios mensuais por fogar 2009-2013. Compostela.	23
Gráfica 21. Ingresos medios mensuais por persoa perceptora 2009-2013. Compostela.	24
Gráfica 22. Paro rexistrado segundo xénero e grupos quinquenais de idade. 2014.Compostela.	26
Gráfica 23. Paro rexistrado segundo sexo e sector de actividade. Compostela 2014.	27
Gráfica 24. Contratos iniciais segundo sexo e sector de actividade económica. Compostela 2014.	28
Gráfica 25. Paro rexistrado segundo sexo e nivel de estudos. Compostela 2014.	29
Gráfica 26. Contratos iniciais segundo sexo e nivel de estudos acadados. Compostela 2014.	30
Gráfica 27. Evolución dos contratos segundo sexo 2008-2014. Compostela.	31
Gráfica 28. Centros de Réxime Xeral en Funcionamento segundo titularidade. Compostela 2013.	34
Gráfica 29. Alumnado sen nacionalidade española matriculado en centros de réxime xeral segundo sexo e continente de procedencia. Compostela 2013.	36
Gráfica 30. Porcentaxe de alumnado por sexo en Educación primaria. Compostela 2013.	37
Gráfica 31. Porcentaxe de alumnado por sexo no Ensino Secundario Obrigatorio (ESO). Compostela 2013.	37
Gráfica 32. Porcentaxe de alumnado de Bacharelato segundo sexo. Compostela 2013.	38
Gráfica 33. Porcentaxe de alumnado nos Ciclos de Grado Medio e Superior segundo sexo. Compostela 2013.	39
Gráfica 34. Porcentaxe de alumnado en Programas de Cualificación Profesional Inicial segundo sexo.	39

Compostela 2013.
Gráfica 35. Porcentaxe de profesorado en centros de réxime xeral segundo sexo.Compostela 2013. 40
Gráfica 36. Profesorado por titularidade do centro segundo sexo. Compostela 2013. 41
Gráfica 37. Estudantado matriculado en ensino universitario por sexo. Galicia 2015. 42
Gráfica 38. Estudantado titulado nas universidades galegas por sexo. Galicia 2015. 43
Gráfica 39. Mulleres matriculadas por nivel de ensino curso 2013/2014. USC. 43
Gráfica 40. Mulleres tituladas na USC por grado de ensino Curso 2013/2014. 44
Gráfica 41. Profesorado de educación universitaria por sexo. Galicia 2014. 45
Gráfica 42. Evolución das excedencias por coidados de fillos e fillas segundo sexo. Galicia 2005-2014. 49
Gráfica 43. Incidencia comparativa de persoas dependentes Galicia área de Santiago. 2011. 50
Gráfica 44. Persoas que coidan dependentes por sexo e idade. Galicia 2011. 51
Gráfica 45. Actividades ou relacións que as persoas que coidan dependentes tiveron que suprimir ou reducir para poder coidar a dependentes por sexo. Galicia 2011. 53
Gráfica 46. Número de Pensionistas segundo sexo. Compostela 2013. 54
Gráfica 47. Número de persoas beneficiarias de pensións non contributivas da Seguridade Social. segundo sexo e tipo de pensión. Compostela 2014. 55
Gráfica 48. Porcentaxe de persoas beneficiarias de pensións por invalidez por sexo. Compostela 2014. 56
Gráfica 49. Porcentaxe de persoas beneficiarias de pensión non contributiva de Xubilación por sexo. Compostela 2014. 56
Gráfica 50. Porcentaxe de persoas beneficiarias da Renda de Integración social de Galicia (RISGA) e das Axudas de Emerxencia Social (AES) por sexo. Compostela 2014. 57
Gráfica 51. Importe medio e mediana do importe das pensións segundo sexo. Compostela 2014. 57
Gráfica 52. Persoas inmigrantes extracomunitarias atendidas na UAMI por sexo. Compostela 2014. 58
Gráfica 53. Vítimas de Violencia de Xénero segundo grupos de idade.Galicia 2014. 59
Gráfica 54. Número de Denuncias por ano. Partido Xudicial Santiago de Compostela.2009-2014. 61
Gráfica 55. Porcentaxe de consultas por tipo de información no CIM. Compostela 2014. 62
Gráfica 56. Persoas segundo a frecuencia de asistencia ao teatro, monicreques, contacontos... Galicia 2014. 64
Gráfica 57. Persoas segundo a frecuencia de asistencia a espectáculos musicais (moderna, clásica, ópera..). Galicia 2014. 65
Gráfica 58. Persoas segundo a frecuencia de asistencia a museos, exposicións, arquivos, etc. Galicia 2014. 65
Gráfica 59. Persoas segundo a principal actividade física ou deportiva practicada nos últimos 12 meses segundo sexo. Galicia 2014. 66
Gráfica 60. Persoas usuarias do servizo de bibliotecas dos CSC segundo idade e sexo. Compostela 2014. 70

Índice de Táboas

Páxina

Táboa 1. Estrutura da poboación municipal por grandes grupos de idade e sexo. 10

Táboa 2. Distribución da poboación feminina segundo idade. Compostela 2014. 12

Táboa 3. Poboación segundo nacionalidade e sexo. Compostela 2014. 15

Táboa 4. Nacementos segundo a idade da nai. Compostela 2010-2013. 18

Táboa 5. Fogares segundo o número de persoas. Compostela 2011-2013. 22

Táboa 6. Paro rexistrado segundo xénero e grupos quinquenais de idade. Compostela, 2014 (Metodoloxía SISPE 25

Táboa 7. Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo a categoría (CNAE 2009) e sexo. Compostela, setembro de 2015. 28

Táboa 8. Evolución dos contratos segundo sexo e tipoloxía do contrato. Compostela 2010-2014. 31

Táboa 9. Contratos rexistrados segundo sexo, modalidade do contrato, tipo de xornada. Compostela 2014. 32

Táboa 10. Centros formativos de ensino non universitario segundo as ensinanzas que imparten. Compostela 2013. 33

Táboa 11. Ensinanza non universitaria. Alumnado matriculado en centros de réxime xeral en funcionamento segundo sexo e nivel de ensinanzas. Compostela 2013. 35

Táboa 12. Estudantado matriculado nas universidades galegas segundo área de coñecemento e sexo. Galicia 2015. 42

Táboa 13. Evolución das titulacións e porcentaxe de mulleres na USC 2010-2014. 44

Táboa 14. Evolución da distribución do PDI por categoría e porcentaxe de mulleres. USC 2011-2014. 46

Táboa 15. Persoas Traballadoras con fillas e fillos de 0 a 12 anos que utilizan medidas de conciliación laboral por sexo. Galicia 2012. 47

Táboa 16. Excedencias por coidado de fillos e fillas segundo o sexo da persoa perceptora. Galicia 2005-2014. 48

Táboa17. Persoas dependentes por sexo e idade. Galicia2011. 50

Táboa 18. Evolución dos fogares segundo o número de persoas de 65 anos ou mais. Compostela.2001-2013. 51

Táboa 19. Actividades ou relacións que as persoas que coidan dependentes tiveron que suprimir ou reducir para poder coidar a dependentes por sexo. Galicia 2011. 52

Táboa 20. Centros prestadores de servizos sociais e prazas autorizadas segundo tipoloxía e área de intervención. Compostela 2014. 54

Táboa 21. Pensións de Viuvez segundo sexo e idade. Galicia 2014. 55

Táboa 22. Vítimas de violencia de xénero segundo o continente de procedencia. Galicia 2014. 60

Táboa 23. Número de Denuncias e porcentaxes das mesmas segundo a orixe da denuncia. Partido Xudicial de Santiago de Compostela. 2014. 61

Táboa 24. Número de usuarias beneficiarias do servizo de teleasistencia móbil para mulleres vítimas de Violencia de Xénero (TAM/VX). CIM Compostela 2010-2015. 63

Táboa 25. Porcentaxes segundo a principal actividade física ou deportiva practicada nos últimos 12 meses segundo sexo. Galicia 2014. 66

Táboa 26. Persoas segundo o motivo principal polo que non practicaron actividade física ou deportiva nos últimos 12 meses por sexo. Galicia 2014. 67

Táboa 27. Número de actividades ofertadas e número de prazas por tipoloxía de persoas usuarias. CSC Compostela 2015. 69

Táboa 28. Configuracións de Gobernos Municipais segundo sexo. Compostela 2003-2015. 74
Táboa 29. Persoal Municipal por área segundo sexo. Compostela 2015. 75
Táboa 30. Persoal Municipal segundo sexo e grupo. Compostela 2015. 76
Táboa 31. Persoal Municipal segundo sexo e idade. Compostela 2015. 77

0. Aproximación actual e necesidades detectadas

A diagnose que se presenta é resultado do estudo realizado a petición do Concello de Santiago de Compostela, co obxecto de analizar e perfilar as desigualdades existentes entre mulleres e homes no municipio compostelán.

Realizar un estudo da situación de mulleres e homes e as desiguadades existentes nos diferentes espazos da vida cotiá supón un obxectivo de grande complexidade. A realidade analizada constitúese por múltiples capas, diversidade de matices e ámbitos interdepedentes.

Nesta parte da diagnose recóllese a análise e explotación de diferentes fontes estatísticas. Recopilando información de carácter público proporcionada por institucións oficiais de referencia, así como información facilitada polas diferentes áreas e departamentos municipais:

- IGE. Instituto Galego de Estatística http://www.ige.eu/web/index.jsp?paxina=001&idioma=gl
- INE. Instituto Nacional de Estadística http://www.ine.es/
- Concello de Santiago de Compostela:
  - Padrón Municipal de habitantes.
  - Persoal. Xestión de Recursos Humanos.
  - Rexistro Xeral.
  - Centro de Información ás Mulleres (CIM)
  - Centros Socioculturais Servizos Socioculturais C
- Portal Estadístico de la Delegación de Gobierno para la Violencia de Género. Secretaría de Estado de Servicios Sociales e Igualdad http://estadisticasviolenciagenero.msssi.gob.es/
- A USC en cifras Estatísticas Universidade de Santiago de Compostela USC http://www.usc.es/gl/info_xeral/responsable/cifras/

I. Demografía e poboación

Da cordo aos datos obtidos o Concello de Santiago conta na actualidade (con datos de 2014) cunha poboación de 95.800 habitantess. Tal e como se representa na seguinte gráfica distribuída por sexo; a poboación feminina é de 51.314 (o que supón o 54%) e a poboación masculina de 44.486, o 46% do total. As mulleres concentran a porcentaxe máis elevada cun diferencial de 8 puntos porcentuais respecto á poboación masculina.



Elaboración propia

Fonte INE, padrón municipal de habitantes

1. Estrutura da poboación por idade

A media de idade da poboación compostelá é de 44,2 anos, dispoñendo as mulleres unha idade media de 45,8 anos fronte aos 42,4 dos homes.



Elaboración propia

Fonte: IGE. Instituto Galego de Estatística- INE Padrón continuo

O 67,6% da poboación compostelán concéntrase fundamentalmente nos tramos centrais de idade, asociados á maior produtividade profesional, sendo tres puntos superior ao do conxunto do territorio provincial (64,3%). Ten polo tanto unha poboación máis nova da que dispón a provincia da Coruña. As mulleres están menos representadas no extremo inferior de idade (11,5 fronte o 13,8% dos homes) , pola contra obteñen maior peso porcentual no extremo de idade superior (22,2% das mulleres fronte un 17,2% de homes).

Táboa 1: Estrutura da poboación municipal por grandes grupos de idade e sexo. Ano 2014.

	Mulleres		Homes		Total	
	Número	%	Número	%	Número	%
0-14 anos	5.883	11,5	6.157	13,8	12.040	12,6
15-64 anos	34.056	66,4	30.672	68,9	64.728	67,6
>65 anos	11.375	22,2	7.657	17,2	19.032	19,9
Total	51.314	100	44.486	100	95.800	100

Elaboración propia

Fonte: IGE. Instituto Galego de Estatística- INE Padrón continuo

Tal como observamos na pirámide de idade, é a partir dos 20 anos cando se produce a inversión porcentual de tal xeito que a taxa de mulleres comeza a ser paulatinamente máis elevada (50,8% fronte ao 49,2% dos homes). Así co incremento dos grupos de idade increméntanse as diferenzas porcentuais entre mulleres e homes. Se ben, nas franxas de idade comprendidas entre os 20/24 anos (50,8% fronte ao 49,2% dos homes) e os 40/44 anos (51,8% fronte ó 48,2%) observamos un mantemento case constante da mesma, é a partir deste momento no que os valores porcentuais vénse potenciados; a maior idade maiores taxas de poboación feminina.

A partir dos 45 anos (53,3 % fronte ao 46,7%), a diferenza porcentual non volve ser menor a cinco puntos, e sofre un pico de elevación a partires dos 70/74 anos (57,3% fronte ao 42,7%) incrementándose ate un diferencial do 40% entre mulleres e homes na franxa de idade de máis de 85 anos (70,1 % fronte a 29,9%)



Elaboración propia

Fonte: IGE. Instituto Galego de Estatística- INE Padrón continuo

Compostela conta cun 19,9% de poboación maior de 65 anos fronte ao 12,6% de poboación infantil (0-14 anos), o que supón unha poboación envellecida. A distribución por sexos para o período de idade comprendido entre os 65 e 99 anos mantén a porcentaxe maior de mulleres (59,5%) que de homes (40,5%) sobre unha poboación total de 19.950 persoas maiores.

O desequilibrio de poboación maior por sexo dáse no grupo de idade considerado de sobreenvellecemento poboacional; a partir dos 80 anos (62,5% fronte a un 37,5%) con 25 puntos porcentuais de diferencia entre mulleres e homes. Dende esta franxa de idade o incremento é exponencial chegando a un diferencia porcentual de máis do dobre de mulleres que homes. Esta tendencia se confirma ao observar as cifras absolutas da poboación que supera os 100 anos ou máis (38 persoas superan as tres cifras no Concello) cun claro porcentaxe de mulleres (90,5%) fronte a homes (10,5%). Datos que concordan cos referidos á esperanza de vida para mulleres e homes tanto na Comunidade Autónoma como na provincia (85,5 e 79 anos respectivamente), continuando como unha das comunidades do Estado máis envellecidas e coa esperanza de vida das máis elevadas.

Gráfica 4. Poboación en Compostela de máis de 65 anos por grupos quinquenais por sexo.2014



Elaboración propia.

Fonte: Padrón Municipal Santiago de Compostela

2. Distribución da poboación feminina segundo idade

As mulleres compostelás concéntranse na franxa de idade de 30 a 49 anos cun 31,4%, seguidas das mulleres de 65 anos ou máis cunha porcentaxe do 22,2% do total e as de 50 a 64 anos cun punto porcentual menos que as anteriores (21,3%). Son as menores de 15 anos as que dispoñen dun baixo peso poboacional cun escaso 11,5% do total, reafirmando a tendencia negativa e o progresivo envellecemento da poboación feminina do

Concello.

Táboa 2: Distribución da poboación feminina segundo idade. Compostela 2014

Mulleres	Número	Porcentaxe
0-4	2.106	4,1
5-9	2.005	3,9
10-14	1.772	3,5
total 0-14 anos	**5.883**	**11,5**
15-19	1.764	3,4
20-24	2.315	4,5
25-29	2.968	5,8
total 15-29 anos	**7.047**	**13,7**
30-34	3.759	7,3
35-39	4.418	8,6
40-44	3.957	7,7
45-49	3.969	7,7
total 30-49	**16.103**	**31,4**
50-54	3.923	7,6
55-59	3.688	7,2
60-64	3.295	6,4
total 50-64	**10.906**	**21,3**
65-69	2.899	5,6
70-74	2.247	4,4
75-79	2.147	4,2
80-84	2.018	3,9
85 e máis anos	2.064	4,0
total 65 e mais	**11.375**	**22,2**
Total	**51.314**	**100**

Elaboración propia

Fonte: IGE. Instituto Galego de Estatística- INE Padrón continuo

Máis do 20% das mulleres no Concello teñen 65 anos ou máis (22,2%), chegando case a duplicar a porcentaxe de nenas menores de 16 anos. As mulleres en idades comprendidas entre os 16 e 64 anos representan o grupo porcentual máis numeroso (65,7% do total de mulleres). Os datos específicos de mulleres van en paralelo cos datos da poboación xeral, presentando un panorama de envellecemento tanto na poboación xeral como na específica de mulleres.



Elaboración propia

Fonte: IGE. Instituto Galego de Estatística- INE Padrón continuo

3. Lugar de nacemento e nacionalidade

A distribución poboacional, atendendo ao lugar de nacemento permite observar que o volume de poboación compostelán é eminentemente de orixe galega. Un 53,4% das persoas que habitan na cidade son oriúndas, seguidas dun 32,7% nacidas noutros Concellos da provincia da Coruña(21%) ou en calquera das outras tres provincias galegas(11,7%). As persoas nacidas noutras comunidades autónomas supoñen a poboación máis reducida (5,4%), sendo superior a poboación nacida no estranxeiro (8,4%).



Fonte: IGE. Instituto Galego de Estatística-INE. Censos de poboación e vivendas 2011. Elaboración propia a partir dos ficheiros

proporcionados polo INE

Na comparativa entre mulleres e homes, segundo o lugar de nacemento, observamos coincidencia na concentración de persoas nacidas no Concello de residencia, tendo unha diferencia de cinco puntos porcentuais entre mulleres e homes (51,2% fronte ao 56%). As mulleres concentran maior porcentaxe que os homes nas categorías de nacidos noutro municipio da mesma provincia (22,7% fronte 19,1%), e noutra provincia da comunidade autónoma; datos moi acordes coas características do mercado laboral compostelán cunha alta feminización de sectores de actividade profesional (sanidade, administración pública, ensino…), que invita a unha maior concentración de mulleres no Concello.

No que respecta aos continxentes de poboación de fóra da Comunidade Autónoma Galega os datos son equilibrados, a diferencia redúcese a tres décimas entre mulleres e homes.



Elaboración propia

Fonte: INE Censo de poboación e vivendas 2011. IGE (instituto Galego de Estatística)

No ano 2014 o número de persoas estranxeiras empadroadas no municipio de Santiago de Compostela era de 3.753 persoas, o que supón un 4% da poboación total, taxa equiparable coa da Comunidade Galega, e significativamente máis baixa que noutras partes do Estado. Galicia continúa sendo un territorio de maior índice de migracións cara o exterior que de recepción de movementos migratorios.



Elaboración propia

Fonte INE. Padrón municipal de habitantes. IGE (Instituto Galego de Estatística)

Tal como reflexa a táboa 4 a poboación estranxeira residente en Santiago de Compostela está feminizada, supoñendo máis da metade da poboación total foránea (un 54,2% fronte a un 45,8%).

Táboa 3: Poboación segundo nacionalidade e sexo. Compostela 2014

	Homes	Mulleres	Total	%Mulleres
Total	44. 486	51. 314	95. 800	53,6
Española	42. 767	49. 280	92. 047	53,5
Estranxeira	1. 719	2. 034	3. 753	54,2

Elaboración propia

Fonte INE. Padrón municipal de habitantes. IGE(instituto Galego de Estatística

Atendendo á variable idade para o ano 2011, dun total de poboación estranxeira de 4.168 habitantes, a distribución por sexo concentra unha maioría de mulleres na franxa de idade entre 16 a 64 (55% fronte ao 45%), así como na poboación maior de 64 anos (52,9% fronte ao 48,1%). Só nas idades temperás hai unha concentración maior de homes, chegando a alcanzar case os dez puntos porcentuais de diferencia (45,3% e 54,7%), datos que corresponden cos índices de natalidade por sexo.

As mulleres estranxeiras representan o volume maioritario en idades de empregabilidade. Considerando como unha das bases mobilizadoras dos movementos migratorios as melloras na calidade de vida e a necesaria incorporación ao mercado laboral, non resulta estraño que a maior concentración de continxentes migratorios se dea nesta franxa de idade.



Elaboración propia

Fonte INE. Padrón municipal de habitantes. IGE(instituto Galego de Estatística

Resulta de interese sinalar o número de poboación inscrita no municipio residente no estranxeiro. As cifras analizadas indican unha liña ascendente de poboación que deixa o lugar de residencia orixinal para migrar. Nos últimos cinco anos un total de 54.590 persoas inscritas no concello compostelán residen no estranxeiro. Se atendemos a situación do mercado laboral actual esta saída pode estar motivada pola busca dunha situación socioeconómica máis favorable acorde coas necesidades de crecemento persoal e profesional. Nesta saída de poboación cara o exterior observamos unha inversión da tradicional migración galega protagonizada polos varóns.

Segundo reflexa o gráfico son as mulleres as que representan o maior número de residencias fóra de Santiago de Compostela. Os picos de crecemento son similares tanto nos continxentes de homes como nos de mulleres que deixan a lugar de orixe. A diferencia entre os movementos de homes e mulleres mantense ao longo do tempo nunha media do 52,6%.



Elaboración propia

Fonte INE Padrón de Españoles Residentes en el extranjero (PERE). IGE (Instituto Galego de Estatística)

4. Nacementos

Respecto ao número de nacementos os datos presentan unha liña oscilante, cunha tendencia clara ao descenso no último quinquenio, salvo un repunte no ano 2012 cun incremento da natalidade que non representa un indicador de crecemento poboacional significativo xa que vai acompañado dunha caída de dous puntos porcentuais nos seguintes anos estudados.

No período analizado a media de nacementos é de 860,4 por ano dos que un 48,5% foron de nenas e un 51,4% de nenos. A pesar dese leve incremento no 2012, seguimos asistindo a unha caída constante da natalidade, situándoa en niveis cada vez máis baixos.



Elaboración propia

Fonte: IGE,INE Movemento natural de poboación. Datos do 2014 datos provisionais

Son as mulleres entre os 30 e os 34 anos as que concentran o maior volume de nacementos, correspondéndose coa idade media para a maternidade na Comunidade Autónoma (32,3) e na provincia da Coruña (32,5). Se ben, entre os 35 e 39 anos presentaban índices menores de nacementos, podemos observar na curva da gráfica seguinte un movemento ascendente chegando a igualar aos tramos de idade máis novos no ano 2014.

Sinalar, ao tempo, o incremento paulatino dende o ano 2010 das maternidades na franxa de 40 a 44 anos, deixando claro que as mulleres atrasan cada vez máis as súas maternidades. No caso das mulleres novas (20 a 24 anos) que mantiñan os niveis de embarazos durante o período 2010- 2012, rexístrase unha caída porcentual moi significativa dun 11% menos de nacementos para o último período analizado respecto ao ano anterior, sendo a franxa de idade no que máis cae o índice de nacementos.

Táboa 4: Nacementos segundo a idade da nai. Compostela 2010-2013

	<20	20-24	25-29	30-34	35-39	40-44	45/+45	Total
2010	11	31	120	335	293	69	13	872
2011	3	23	115	326	303	77	3	850
2012	9	30	94	340	343	79	9	904
2013	12	19	106	307	323	89	4	860

Elaboración propia

Fonte IGE, INE. Movemento Natural da Poboación



Elaboración propia

Fonte IGE, INE. Movemento Natural da Poboación

A pesar de que as mulleres, nais e casadas, son a abrumadora maioría, no período observado apreciamos un incremento maior de nacementos en mulleres que non se atopan nesta situación, sendo dun 5% fronte ás casadas. Este colectivo presenta un descenso de 3 puntos porcentuais entre os anos 2010 e 2013.



Elaboración propia

Fonte IGE, INE. Movemento Natural da Poboación

Atendendo á relación entre nacementos e actividade da nai, os datos amosan unha tendencia clara: as mulleres en situación de actividade laboral representan o 90% dos casos de maternidade cun incremento de 4 puntos porcentuais dende o ano 2010 acompañado da mesma caída entre as mulleres sen actividade laboral. Os efectos da crise económica poden ter o seu acento nesta situación afectando á toma de decisión de formar unha familia ou de incrementala. A situación de inestabilidade laboral supón unha situación económica incerta e limitativa para o desenvolvemento dos obxectivos vitais.



Elaboración propia

fonte IGE,INE. Movemento Natural da Poboación.

5. Matrimonios

A tendencia observable, seguindo os datos, permite inferir que nos últimos anos hai unha caída importante no número de matrimonios acontecidos na contorna Compostelán. Se ben, tanto nos anos 2012 como 2014, observase un repunte substancial, comparado coas anualidades precedentes, en ningún caso se alcanzan as cifras de inicio do período analizado



Elaboración propia

Fonte IGE, INE. Movemento natural de poboación. Os datos do 2014 son provisionais

As mulleres casan principalmente no ciclo vital comprendido entre os 30-39 anos, o 58,6% da media dos matrimonios totais no período analizado correspóndense con esta tipoloxía, aínda que con leves flutuacións, mantense ao longo do período temporal. O descenso máis relevante se observa na franxa de idade de 20-29 anos pasando dun 36,1% do total dos matrimonios no ano 2009, a un 20,4% no ano 2013 supoñendo unha caída de quince puntos porcentuais.

Cabe sinalar o ascenso de matrimonios de mulleres de 50 a 59 anos (non podendo concretar si se trata de primeiras ou segundas nupcias) que duplican no período analizado o seu valor porcentual sobre o total dos matrimonios.



Elaboración propia

Fonte IGE, Ine. Movemento natural de poboación. Matrimonios con residencia en Galicia

6. Fogares

Respecto ás tipoloxías de familia é o modelo de familia nuclear a máis habitual (37,7%) na organización dos fogares composteláns; familias compostas por dous proxenitores e a súa descendencia, seguidas por unidades de tipo parellas sen descendencia (24%). Cabe sinalar o paulatino crecemento dos domicilios unipersoais (21,9%) moi achegados aos índices da tipoloxía de parella sen descendencia.

A familia extensa vai reducindo, cada vez máis, a representatividade que tiña fai uns anos como modelo de familia estándar.



Elaboración propia

IGE. Enquisa estrutural a fogares

A concentración de persoas por fogar resulta coincidente cos datos extrapolados da gráfica de tipoloxías de familia, sendo entre dous e catro o número de persoas convivindo de xeito habitual nos domicilios composteláns. Na táboa podemos observar ese incremento dende o ano 2011 de case 3 puntos porcentuais, no número de fogares unipersoais.

Táboa 5: Fogares segundo o número de persoas. Compostela 2011-2013

	2011		2012		2013	
	Porcentaxe	Número	Porcentaxe	Número	Porcentaxe	Número
Unha	19,8	7.168	16,7	5.782	21,9	8.312
Dúas	33,7	12.201	30,9	10.681	31,8	12.052
Tres	23,8	8.622	22,1	7.632	22,5	8.524
Catro ou máis	22,8	8.260	30,2	10.441	23,8	9.012
Total	100	36.252	100	34.536	100	37.901

IGE. Enquisa estrutural a fogares

No tocante á idade media da persoa principal do fogar observamos que tanto a nivel global como na variable sustentadora principal as mulleres representan ao membro de maior idade nesa función.



Elaboración propia

Fonte. IGE. Enquisa estrutural a fogares



Elaboración propia

Fonte. IGE. Enquisa estrutural a fogares

Atendendo á economía dos fogares os datos analizados presentan unha clara tendencia á baixa dos ingresos por fogar no Concello dende o ano 2009. O inicio do ciclo analizado presenta un repunte significativo no ano 2010 que non se mantén para o resto do período. Estas tendencia á baixa conleva unha caída na dinámica de consumo dos fogares, xa que a media de ingresos pasou de 2.446€ no ano 2009 a 2.186€ para o fin do período analizado.



Elaboración propia

Fonte. IGE. Enquisa estrutural a fogares

Similar tendencia é observable na lectura dos datos atendendo aos ingresos medios mensuais da persoa perceptora. Un inicio de ciclo no 2009-2010 que auguraba un incremento das medias de ingresos persoais, pero que sufre unha caída significativa a partir dese mesmo ano chegando no 2013 a índices por debaixo dos de principio de ciclo (no ano 2009 o ingreso medio é 1.235€, e para o ano 2013 o ingreso medio é de 1.227€)



Elaboración propia

Fonte. IGE. Enquisa estrutural a fogares

7. Emprego

Abordar o ámbito do traballo dende unha perspectiva de xénero supón evidenciar a frecuente desigualdade da presencia de homes e mulleres. A identificación do traballo en termos exclusivos de emprego remunerado no ámbito produtivo invisibiliza toda a labor que supón o traballo reprodutivo desempeñado tradicional e habitualmente polas mulleres. A partir desta concepción todas as tarefas de sustento básicas desenvolvidas no espazo privado pasan a ser consideradas como inactividade. Na base desta distinción, e definición de traballo, está a división xenérica que establece roles e funcións diferenciadas de mulleres e homes.

En relación a esta carencia, resulta de gran dificultade contemplar unha medición estatística sobre o ámbito reprodutivo dende a perspectiva do traballo. Por conseguinte a análise nesta área de diagnose da desigualdade céntrase nos datos vinculados co emprego remunerado e as taxas de desemprego clásicas, desprazando as características diferenciais do traballo reprodutivo non remunerado ás áreas de análise relacionadas coa calidade de vida e a saúde social.

O desemprego en Santiago de Compostela ofrece unha narración recoñecible e similar aos datos xerais para á Comunidade Autónoma e o Estado. As taxas de paro femininas son en xeral superiores ás masculinas, máis aló das lixeiras flutuacións acaecidas dende o ano 2008 vinculadas coa crise económica estrutural e o período de recesión no que se enmarcan estes datos.

Para o ano 2014 había en Compostela un total de 8.325 demandantes de emprego das que 4.340 eran mulleres (52,1%), fronte a 3.985 demandantes homes (47,9%).

O predominio de paradas se atopa no estrato intermedio de idades entre os 25 e os 49 anos, onde as mulleres representan máis da metade das taxas de desemprego. Sendo entre os 35 e 39 anos a franxa na que a poboación feminina fai a maior achega ao conxunto de desempregadas, 55,8%.

A partir dos 50 anos hai unha inversión nas taxas de desemprego, sendo os continxentes de varóns os que presentan un maior volume numérico.

Táboa 6. Paro rexistrado segundo xénero e grupos quinquenais de idade. Compostela, 2014 (Metodoloxía SISPE[1].

Grupos idade	Homes	Mulleres	Total	%Mulleres	%Homes	%Total
16 a 19 anos	25	23	48	47,9	52,1	0,6
20 a 24 anos	195	173	368	47,0	53,0	4,4
25 a 29 anos	415	499	914	54,6	45,4	11,0
30 a 34 anos	536	653	1.189	54,9	45,1	14,3
35 a 39 anos	558	704	1.262	55,8	44,2	15,2
40 a 44 anos	497	534	1.032	51,7	48,2	12,4
45 a 49 anos	473	516	989	52,2	47,8	11,9
50 a 54 anos	457	431	888	48,5	51,5	10,7
55 a 59 anos	483	464	947	49,0	51,0	11,4
60 a 64 anos	347	342	689	49,6	50,4	8,3
Total	3.985	4.340	8.325	52,1	47,9	100

Elaboración Propia

Fonte. IGE: Consellería de Traballo e Benestar. Información subministrada directamente

En resumo, observamos que o desemprego feminino na área compostelán mantén un maior volume co masculino, aínda reducindo as taxas medias diferencias. Entendendo estas non como un freo do incremento do paro feminino (crecemento máis moderado pero partindo dunha situación inicial en peores condicións), senón máis ben como unha maior incidencia do volume do continxente masculino, derivada da crise económica estrutural acaecida durante o 2008 e seus efectos na estrutura da actividade laboral.

1 O INEM modificou no ano 2005 a metodoloxía para definir ás persoas en situación de desemprego. A partir deste ano contémplase nas estadísticas a categoría estudiantil e as persoas fixas discontinuas no colectivo de persoas desempregadas, esta inclusión ofrece unha cifra da categoría de análise máis achegada á realidade.



Elaboración propia

Fonte. IGE. Consellería de traballo e Benestar. Información subministrada directamente

Por outra banda, a análise comparativa entre taxas de paro e contratos iniciais permite identificar as diferenzas que se establecen entre homes e mulleres e pór de relevo o mantemento da segregación horizontal no mercado laboral. Neste sentido reprodúcese a tendencia xeral dunha elevada concentración de mulleres no sector terciario, maior presenza nos postos de cualificación intermedia ou baixa e moi reducida nos postos de responsabilidade.

Son as mulleres sen emprego anterior as que representan o maior volume de demandantes, un 63,2% fronte ao 36,8% de homes.

Atendendo aos índices de paro por sector de actividade os datos reflicten unha baixa taxa de desemprego das mulleres en sectores como a industria, a construción e a agricultura e pesca, e unha concentración elevada, rondando o 60%, no sector servizos (o 59,6% do total de demandantes de emprego neste sector son mulleres).

No sector da construción a presenza de mulleres é simbólica cunha porcentaxe de desemprego inferior ao 10% fronte un 90,2% de homes. Segundo o número de contratacións iniciais reforzamos esta tendencia cun reducido 4,9% de novos contratos femininos no sector, fronte a un 95,1% de novas contratacións masculinas. Este sector resultou o máis castigado polos efectos da crise e o estoupido da “burbulla inmobiliaria” o que supuxo un incremento da taxa de desemprego masculina, xa que concentraba unha porcentaxe de traballadores sen cualificación moi alta sobre o total da actividade laboral. Esta característica, xunto coa caída do sector en termos económicos, sitúa ao sector da construción como un dos máis voluminosos en taxa de desempregados e de maior dificultade de recolocación.

A mesma tendencia observamos nos outros sectores tradicionalmente masculinizados (industria e agricultura-

pesca) nos que as taxas de desemprego son superiores no continxente masculino (61,4% e 67,8%) comparativamente coas observables entre as mulleres (38,6% e 32,2%), e así mesmo, o volume de contratacións iniciais nestes sectores son inferiores ao 25% (20,2% e 17,4%).

As diferencias por unha banda se dilúen no sector servizos, aínda mantendo unha clara tendencia á feminización do sector, onde observamos que as taxas de desemprego son menos extremas (inferiores ao 20%) se as cotexamos cos sectores antes analizados, e por outra banda se inverte cunha clara aproximación da porcentaxe de contratacións iniciais entre mulleres e homes (50,8% e 49,2%) cun escaso 1,6% de diferencia entre os índices observables.

Destes resultados podemos inferir que, se ben a crise provocou un incremento xeral no número de poboación desempregada (e aparentemente unha imaxe de similitude entre os continxentes masculinos e femininos en cifras absolutas) esta non deixa de ser un espellismo xa que a tendencia nas contratacións apunta a un reponte das taxas de actividade masculinas e a permanencia nos niveis de desemprego das mulleres, ao tempo que un incremento da fenda laboral e unha continuidade da segregación horizontal no ámbito laboral.

Gráfica 23. Paro rexistrado segundo sexo e sector de actividade. Compostela 2014



Elaboración propia

Fonte. IGE. Consellería de traballo e Benestar. Información subministrada directamente



Elaboración propia

Fonte. IGE. Consellería de traballo e Benestar. Información subministrada directamente

Táboa 7: Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo a categoria (CNAE 2009) e sexo.Compostela, setembro de 2015

CNAE 2009	Mulleres	Homes	Total	%Mulleres
A.- Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	221	240	461	47,9
B.- Industrias extractivas	4	27	31	12,9
C.- Industria manufactureira	500	1.727	2.227	22,5
D.- Fornecemento de enerxía eléctrica, gas vapor e aire acondicionado	19	59	78	24,4
E.- Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	28	154	182	15,4
F.- Construción	200	1.599	1.799	11,1
G.- Comercio por xuno e a retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	3.199	3.024	6.223	51,4
H.- Transporte e almacenamento	298	1.129	1.427	20,9
I.- Hostalaría	1.638	1.521	3.159	51,9
J.-Información e comunicacións	482	920	1.402	34,4
L.- Actividades inmobiliarias	95	85	180	52,8
M.- Actividades profesionais, científicas e técnicas	1.006	1.143	2.149	46,8
N.- Actividades administrativas e servizos auxliares	1.504	929	2.433	61,8
O.- Administración Pública e defensa; Seguranza social obrigatoria	1.898	1.264	3.162	60
P.- Educación	1.832	1.168	3.000	61,1
Q.- Actividades sanitarias e de servizos sociais	3.337	1.272	4.609	72,4
R.- Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	266	360	626	42,5
S.- Outros servizos	778	447	1.225	63,5
T.- Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio	1.209	40	1.249	96,8

U.- Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	x	x	x	x
Non consta	25	x	25	x

Elaboración propia

Fonte. Datos subministrados directamente polo IGE. Afiliacións á Seguridade Social por Concello de residencia do afiliado

x: segredo estatístico (dato menor que 4)

Elaboración propia

Fonte. Datos subministrados directamente polo IGE. Afiliacións á Seguridade Social por Concello de residencia.

Pechando o obxectivo de análise, e centrándonos no nivel de estudios acadados pola poboación demandante de emprego e a súa incidencia nas contratacións iniciais acaecidas no ano 2014, observamos que para as mulleres o nivel de estudos acadado resulta fundamental para a inserción laboral. Neste sentido o continxente feminino experimenta mellores resultados en índices de contratación a maior grado de formación, cun 55,8% das contratacións iniciais mulleres con nivel de formación superior, fronte ao 44,2% dos homes.

Se o extremo superior está ocupado por mulleres con alta formación, en canto a volume de contratacións, o extremo inferior inverte os datos observables correspondéndose cun perfil de contratación máis elevado de homes sen estudos, representando, ao tempo, índices na taxa de desemprego inferiores que as mulleres (53,3% mulleres fronte ao 46,7% de homes).

No tocante aos estudos primarios incompletos son os homes os que representan un maior volume de desemprego, 54,1%, un continxente de traballadores non cualificados, engrosado polas taxas de desemprego en sectores tradicionalmente masculinizados detallados en apartados anteriores.



Elaboración propia

Fonte. IGE. Consellería de traballo e Benestar. Información subministrada directamente



Elaboración propia

Fonte. IGE. Consellería de traballo e Benestar. Información subministrada directamente

No que respecta á evolución dos contratos observamos unha inversión na tendencia de contratacións dende o 2010. Se ben con anterioridade se partía dun leve predominio de contratacións masculinas, a partir dese ano vese substituída por un, tamén leve, predominio das contratacións femininas. Dato este que pode facernos pensar nunha tendencia incremental das contratacións de mulleres (coa subseguinte redución da taxa de paro entre o continxente feminino), que contempla o seu punto máis elevado no ano 2012 (53,2%) comezando a se estancar mesmo cunha lixeira caída. A inversión é observable, nunha nova ocasión, xa que os continxentes de varóns experimentan unha baixada paulatina dende ese ano 2010, alcanzando o punto mínimo no 2012 (46,8% de contratacións), recuperando a tendencia á alza a partir dese momento.

Son os continxentes masculinos os que máis evidenciaron a caída de contratacións, pero que presentan unha mellor tendencia á recuperación.

Non debemos perder de vista que a pesar das contratacións, os niveis de desemprego seguen sendo elevados, o que evidencia unha maior incidencia da temporalidade nas novas contratacións, sendo unha das características observables da poboación activa feminina en Compostela cunha marcada diferenciación coa masculina.



Elaboración propia

Fonte:IGE. Instituto Galego de Estatística

Esta evidencia pode ser matizada atendendo aos datos segundo a tipoloxía de contratación. Para o período 2010-2014 é salientable o predominio das contratacións temporais entre mulleres, permanecendo como característico ao longo do período, e que presenta no 2012 a diferencia porcentual en contratacións máis elevada cun 6,8% (53,4% de mulleres, fronte ao 46,5% de homes), computando a taxa máis elevada de contratación temporal para os continxentes femininos, e a taxa máis baixa entre os homes. Estes datos veñen coincidir co punto álxido en contratacións observable na gráfica anterior, reforzando a idea dunha maior concentración de temporalidade nas contratacións femininas.

Unha desagregación máis na análise tipolóxica permite observar a lixeira masculinización das contratacións indefinidas nos inicios do período cun marcado acuse durante o ano 2011 (61,6% dos contratos desta tipoloxía foron realizadas por homes, fronte a un reducido 38,2% por mulleres) para tornar cara unha moderada feminización a partir do ano 2013.

Táboa 8: Evolución dos contratos segundo sexo e tipoloxía do contrato. Compostela 2010-2014

	2010		2011		2012		2013		2014	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Indefinidos	56,9	43,1	61,6	38,4	51,3	48,7	47,3	52,7	49,1	50,9
Convertidos en indefinido	48,9	51,1	48,2	51,8	47,2	52,8	44	56	47	53
Temporais	49,5	50,5	47,7	52,3	46,5	53,4	47,7	52,3	48,5	51,5

Elaboración propia

Fonte:IGE. Instituto Galego de Estatística

No que respecta ás altas no réxime especial de traballo autónomo, para datos recollidos a setembro de 2015 do total de 7.168 afiliacións rexistradas na cidade de Compostela, un 41,2% corresponden a altas de mulleres. Cifra elevada que transluce unha tendencia por parte das mulleres composteláns a iniciarse en procesos de emprendemento laboral. Compostela ten de vello, un importante tecido de comercio local e de proximidade que ben podería acoller o grosso destas iniciativas empresariais.

Fechamos o apartado de análise da situación do mercado laboral en Compostela, prestando atención, dentro do ámbito interno da ocupación en senso estrito, ás contratacións e a súa cuantificación en virtude da tipoloxía das xornadas laborais, e como estás están distribuídas diferencialmente entre homes e mulleres.

Atendendo á relación entre tipo de contratación e tempos laborais, en xeral inferimos a clara concentración de mulleres no grupo de poboación con vinculación contractual a tempo parcial.

Táboa 9: Contratos rexistrados segundo sexo, modalidade do contrato, tipo de xornada. Compostela 2014

	Total	Homes	Mulleres	%Mulleres
Total				
Total de contratos rexistrados	48.160	23.331	24.829	51,6
Total de contratos iniciais	47.026	22.798	24.228	51,5
Indefinido ordinario e fomento do emprego	2.142	1.051	1.091	50,9
De obra ou servizo	15.275	8.354	6.921	45,3
Eventual por circunstancias da produción	19.020	9.280	9.740	51,2
Interinidade	7.400	2.233	5.167	69,8
En prácticas	304	151	153	50,3
Para a formación	435	208	227	52,2
Outros	2.450	1.521	929	37,9
Conversións a indefinidos	1.134	533	601	53,0
A tempo completo				
Total de contratos rexistrados	27.099	15.758	11.341	41,9
Total de contratos iniciais	26.433	15.389	11.044	41,8
Indefinido ordinario e fomento do emprego	1.345	813	532	39,6
De obra ou servizo	9.275	6.073	3.202	34,5
Eventual por circunstancias da produción	8.628	4.983	3.645	42,2
Interinidade	4.297	1.780	2.517	58,6
En prácticas	240	136	104	43,3
Para a formación	435	208	227	52,2
Outros	2.213	1.396	817	36,9
Conversións a indefinidos	666	369	297	44,6
A tempo parcial				
Total de contratos rexistrados	20.925	7.520	13.405	64,1
Total de contratos iniciais	20.474	7.362	13.112	64,0

Indefinido ordinario e fomento do emprego	681	193	488	71,7
De obra ou servizo	6.000	2.281	3.719	62,0
Eventual por circunstancias da produción	10.392	4.297	6.095	58,7
Interinidade	3.103	453	2.650	85,4
En prácticas	64	15	49	76,6
Para a formación	0	0	0	0,0
Outros	234	123	111	47,4
Conversións a indefinidos	451	158	293	65,0
Fixo descontinuo				
Total de contratos rexistrados	136	53	83	61,0
Total de contratos iniciais	119	47	72	60,5
Indefinido ordinario e fomento do emprego	116	45	71	61,2
De obra ou servizo	0	0	0	0,0
Eventual por circunstancias da produción	0	0	0	0,0
Interinidade	0	0	0	0,0
En prácticas	0	0	0	0,0
Para a formación	0	0	0	0,0
Outros	3	2	1	33,3
Conversións a indefinidos	17	6	11	64,7

Elaboración propia

Fonte:IGE. Instituto Galego de Estatística

8. Educación

A educación constitúe un elemento de especial relevancia á hora de abordar as aprendizaxes e diferencias de xénero, a transmisión dos valores socio comunitarios e a asignación de roles e pautas de comportamento. Conceptualizar o valor da educación remite á complexidade dun conxunto de actuacións de carácter tanto consciente coma inconsciente, desenvolvidos en diversidade de ámbitos da cotidianeidade, máis aló do espazo académico.

A configuración de axentes de socialización e aprendizaxe dáse dende a familia, o entorno das iguais, os medios de comunicación e a publicidade, a diversidade de manifestacións culturais, relixiosas e sociais; sendo todas elas mecanismos de aculturación en tanto que facilitan valores e pautas de actuación e confórmanse como transmisores de coñecemento. Máis aló, e en grande medida, determinan as formas nas que se fixan e interiorizan os parámetros da educación formal.

A pesar da relevante importancia da conceptualización global do concepto educativo, nesta diagnose da situación da igualdade, abordase neste capítulo so en detalle os compoñentes do entramado da educación

académica e os centros educativos no ámbito municipal. Prestamos atención específica á descrición da situación relacional entre homes e mulleres no ámbito do espazo universitario, xa que a Universidade de Santiago de Compostela (USC), unhas das institucións máis significativos da cidade e referente no ámbito educativo e formativo da nosa cidade.

A Capital galega, conta cun total de 59 centros formativos de ensino non universitario, tanto de ensino obrigatorio como de carácter voluntario (primeiro e segundo ciclo de infantil, e grados superiores). No seguinte cadro se detallan os centros e os niveis formativos impartidos en cada un deles.

Táboa 10: Centros formativos de ensino non universitario segundo as ensinanzas que imparten. Compostela 2013

Tipo de ensino	Número de centros
Educación infantil	7
Educación infantil e primaria	18
Educación primaria e ESO	4
ESO e / ou postobrigatorias	20
Educación primaria, ESO e postobrigatorias	6
Adultos	0
Educación especial	4

Fonte. IGE. Instituto Galego de Estatística

Do total de 59 centros de ensino existentes no Concello compostelán, un 54,2% son de titularidade pública (32 centros) e un 45,7% de titularidade privada.

Gráfica 28. Centros de Réxime Xeral en Funcionamento segundo titularidade. Compostela 2013



Elaboración propia

Fonte. IGE. Instituto Galego de Estatística

Para o ano 2013, Compostela contabilizaba 24.463 matriculacións de alumnado nos centros de ensino non universitario, repartidos entre 11.871 mulleres e 12.592 homes. Isto supón que un 48,5% do alumnado son rapazas, e un 51,5% rapaces. Aínda que en datos globais hai similitude observamos diverxencias significativas no detalle por niveis e tipoloxía dos estudos.

Táboa 11: Ensinanza non universitaria. Alumnado matriculado en centros de réxime xeral en funcionamento segundo sexo e nivel de ensinanzas. Compostela 2013

	Ambos sexos	Homes	Mulleres	%Mulleres
Total	24.463	12.592	11.871	48,5
Educación infantil	3.142	1.599	1.543	49,1
Educación primaria	5.841	3.038	2.803	48,0
Educación secundaria obrigatoria (ESO)	4.205	2.172	2.033	48,3
Bacharelato ordinario	2.228	1.088	1.140	51,2
Ciclos formativos de grao medio ordinarios	1.137	622	515	45,3
Ciclos formativos de grao superior ordinarios	2.060	975	1.085	52,7
Programas de cualificación profesional inicial	236	165	71	30,1
Bacharelato de adultos	3.073	1.495	1.578	51,4
Ciclos formativos de grao medio adultos	624	366	258	41,3
Ciclos formativos de grao superior adultos	701	405	296	42,2
Ensinanzas básicas iniciais e ESO adultos	1.085	596	489	45,1
Educación especial	131	71	60	45,8

Fonte. IGE. Instituto Galego de Estatística

Sinalar que os datos corresponden a alumnado matriculado e escolarizado nos centros educativos compostelans pero que non necesariamente vivan no municipio.

Antes de deternos nunha análise segundo o nivel educativo, poñemos o foco de atención no alumnado matriculado no ensino non universitario con outra nacionalidade. Para o ano 2013 se contempla unha matriculación de 729 alumnos e alumnas en situación de nacionalidade non española. Deles, 381 son rapazas e 348 son rapaces.

Segundo a nacionalidade de procedencia o groso desta poboación está formada por alumnado procedente de América (265 alumnas e 239 alumnos), significando a proporción máis elevada de alumnado de procedencia estranxeira, seguido por alumnado procedente de Europa.

África e Asia ocupan os seguintes postos no cómputo de procedencias, supoñendo unhas porcentaxes minoritarias fronte as outras nacionalidades, e sendo sempre maior a porcentaxe de mulleres.



Fonte. IGE. Instituto Galego de Estatística

8.1 Educación Infantil

A educación infantil está organizada en dous ciclos, sobre todo nos centros de ensino público, e abrangue ao grupo de idade comprendido entre 0 e 6 anos. Ámbolos dous ciclos formativos son de carácter voluntario.

No ensino infantil no Concello de Compostela hai 3.142 matrículas neste nivel, das que un 49,1% son nenas, e un 50,9% nenos. As porcentaxes son parellas, sendo moi normal nestas idades, aínda sendo lixeiramente superior a cantidade de nenos, so representa 1,8 puntos porcentuais máis que as nenas en ciclos de infantil. Esta leve diferencia é concordante cos datos de poboación presentados no capítulo demográfico.

8.2 Educación primaria

Neste período comeza o ensino de carácter obrigado, a Educación Primaria ten unha subdivisión en ciclos: de 6 a 8 anos o Primeiro ciclo, de 8 a 10 anos o Segundo e o Terceiro ciclo dos 10 aos 12 anos.

No total de centros nos que se imparte o nivel de Educación Primaria, a matricula ascende a 5.841 nenos e nenas, cunha porcentaxe do 48% de nenas fronte a un 52% de nenos. A diferencia segue inclinándose cara maior presenza de rapaces nos centros.

Gráfica 30. Porcentaxe de alumnado por sexo en Educación primaria. Compostela 2013



Elaboración propia

Fonte. IGE. Instituto Galego de Estatística

8.3 Educación Secundaria Obrigatoria (ESO)

Abrangue dous ciclos: o primeiro de 12 a 14 anos, e o segundo de 14 a 16. Pódese permanecer ate un ano máis por curso. O máximo permitido de escolarización nesta etapa é ate os 18 anos.

Neste nivel de ensino obrigatorio mantense a tendencia porcentual: do cómputo total de alumnado matriculado nos ciclos da ESO (4.205), un 51,7% son rapaces e un 48,3% son rapazas.

Gráfica 31. Porcentaxe de alumnado por sexo no Ensino Secundario Obrigatorio (ESO). Compostela 2013



Elaboración propia

Fonte. IGE. Instituto Galego de Estatística

8.4 Ensino Secundario Pos Obrigatorio

Bacharelato

O Bacharelato forma parte dos niveis de ensino non obrigado. Ao finalizar este período de dous cursos se obtén o título de Bacharel que da acceso ao ensino universitario.

Neste período comezan a ser visibles os cambios nas tendencias de matriculación. Podemos inferir que cando os e as estudantes comezan a facer eleccións referidas a súa proxección formativa, apreciamos diferencias dende o punto de vista de xénero.

No espazo educativo compostelán, nos centros de ensino de Bacharelato do total de 2.228 de alumnado matriculado as rapazas representan o 51,2%, fronte ao 48.8% de rapaces. As mulleres neste nivel de ensino comezan a ser maioría e dirixen o seu perfil académico cara o ensino universitario e ciclos superiores.

Gráfica 32. Porcentaxe de alumnado de Bacharelato segundo sexo. Compostela 201



Elaboración propia
Fonte. IGE. Instituto Galego de Estatística

Ciclos Formativos de Grado Medio e Grado Superior

As gráficas comparativas amosan unha diferenciación clara entre o acceso de rapaces e rapazas a estes grados. A concentración de homes nos ciclos de grado medio (54,7%), e unha maior porcentaxe de mulleres nos grados superiores (52,7%) reforzan a tendencia exposta anteriormente no tocante á elección formativa diferencial entre mulleres e homes. As mozas novas parece que contemplan a formación superior como medida para a obtención dunha carreira profesional así como estar mellor posicionadas ante as posibles demandas de emprego.



Elaboración propia

Fonte. IGE. Instituto Galego de Estatística

Os programas de cualificación inicial son unha vía específica para a obtención dunha acreditación profesional, así como a posibilidade de realizar de xeito voluntario os estudos correspondentes para a adquisición da titulación de graduada en ESO.

Como apreciamos na gráfica da distribución porcentual por sexo, hai unha clara masculinización desta oferta formativa con unha diferencia de corenta puntos porcentuais, sendo o 69,9% correspondente a prazas masculinas e un 30,1% de femininas.



Elaboración propia

Fonte. IGE. Instituto Galego de Estatística

8.5 Profesorado

Na análise dos datos sobre o profesorado de ensino non universitario, no Concello compostelán, apreciamos unha clara feminización no ámbito educativo. Do total de profesorado contratado nos centros de ensino de(1.856), as mulleres representan o 65,7% e os homes un moderado 34,3%.

Gráfica 35. Porcentaxe de profesorado en centros de réxime xeral segundo sexo. Compostela 2013



Elaboración propia

Fonte. IGE. Instituto Galego de Estatística

Atendendo á titularidade do centro, mantense a feminización do profesorado, tanto nos centros de réxime privado como público. Nas dúas opcións as mulleres concentran o maior volume de contratacións, supoñendo, tanto para os centros de ensino privados como os públicos, máis da metade do profesorado.

As cifras en termos porcentuais son similares aos datos observables no computo global do ensino. Por unha banda nos centros de réxime público as mulleres(750) representan o 63,3% do profesorado, mentres que nos centros de ensino privados un 69,9% (470).

Da análise comparativa podemos inferir que nos centros privados, a diferencia entre profesorado masculino e feminino é superior ao existente nos centros públicos (39,9% fronte a un 26,7%). Unha diferencia que ben pode ter a súa explicación na suma de dous factores: por unha banda un menor número de prazas ofertadas nestes centros e procesos selectivos propios que poden favorecer, en maior medida, a persistencia da feminización do sector.



Elaboración propia

Fonte. IGE. Instituto Galego de Estatística

Cando centramos o foco de análise no ámbito educativo, faise necesario aportar algo máis que unha descrición estatística da presenza (desigual) de homes e mulleres e as posibles causas das mesmas. Aínda sendo un instrumento de visibilización da propia situación desequilibrada, tamén resulta imprescindible fixar o punto de atención no mantemento dos estereotipos nos materiais e dinámicas formativas, nas actitudes, no plano da convivencia das comunidades educativas e nos espazos onde poder establecer liñas de traballo a nivel municipal para fornecer de mecanismos igualitarios aos centros educativos do Concello.

As técnicas cualitativas permiten aportar unha imaxe máis completa da situación abordando cuestións como a desigualdade nos centros, os programas e actividades para a igualdade, sensibilización da comunidade educativa, etc.

8.6 Ensino universitario

Tal como vimos sinalando ao longo da descrición do ámbito educativo, son as mulleres as que en maior medida acceden aos ciclos de ensino secundario superior, e por ende, proxectando a chegada á formación universitaria.

A tendencia, tanto a nivel autonómico como no local, na Universidade de Santiago de Compostela (USC), é de alta similitude estatística. Dende os anos 90 do pasado século, vense observando unha tendencia crecente, dende o seu inicio, a presentar un maior número de matriculas femininas no espazo universitario galego. Estando sempre representados os continxentes de universitarias por riba do 50% do alumnado matriculado.



Elaboración propia

Fonte IGE. Información subministrada directamente pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Ao tempo, observamos un mantemento da segregación na elección de áreas de coñecemento. Os campus con maior incidencia en facultades técnicas presentan maior masculinización fronte a campus (como o da USC) con un abano de facultades de carácter social e humanidades máis feminizado.

Táboa 12: Estudantado matriculado nas universidades galegas segundo área de coñecemento e sexo. Galicia 2015

	Total	Mulleres	Homes	% Mulleres
Ciencias da Saúde	9.316	6.839	2.477	73,4
Ciencias	4.017	2.198	1.819	54,7
Ciencias Sociais e Xurídicas	23.671	14.643	9.028	61,9
Enxeñería e Arquitectura	14.684	4.242	10.442	28,9
Artes e Humanidades	4.472	2.984	1.488	66,7
Total	56.160	30.906	25.254	55

Elaboración propia

Fonte IGE. Información subministrada directamente pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Ao tempo, tamén podemos constatar, atendendo aos datos, que son as mulleres en termos porcentuais as que acadan en maior número o grado de titulación, representando ao longo do período analizado máis do 60% das titulacións acadadas.



Elaboración propia

Fonte IGE. Información subministrada directamente pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

A USC, contabilizou para o curso 2013/2014 un total de 29.571 matriculas. Atendendo ao nivel de ensino as mulleres representaba o 63,4% do alumnado nas titulacións oficiais e propias de 1º e 2º ciclo, un 61,2% en masters oficiais e o 55,1% en doutoramento. Máis do sesenta por cento do alumnado cursando masters de especialización (65,7%) e máis do setenta por cento do alumnado de IV ciclo de ensino son mulleres. Desta análise estatística se infire que, claramente, a Universidade compostelán está conformada por un alumnado eminentemente feminino.



Elaboración propia

Fonte IGE. Información subministrada directamente pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

As mulleres representan tamén a maioría de alumnado que acada o grado de titulación (1º e 2º Ciclos) nunha porcentaxe do 67,5 do casos, achéganse ao setenta por cento as mulleres que acadan un grado, e o 51,7 por cento das teses lidas na Universidade de Santiago de Compostela.

Táboa 13: Evolución das titulacións e porcentaxe de mulleres na USC 2010-2014

	2010-11		2011-12		2012-13		2013-14	
	total	%muller	total	%muller	total	%muller	total	%muller
Titulacións oficiais (1º y 2º ciclo)	4.164	70,1	3.713	69	3.148	67,3	2.019	67,5
Graos	78	48,7	214	58,4	1.317	69,2	2.197	69,5
Másteres oficiais	869	62,8	897	64	1.009	61,1	1.155	64,8
Teses lidas	235	51,7	276	52,9	287	55,7	238	51,7
IV ciclo (graduado sénior)	52		36		26		37	
IV ciclo (graduado superior sénior)	18		28		41		27	

Fonte: USC



Elaboración propia

Fonte: USC

8.7 Profesorado do Ensino Universitario

Tras ter observado a eminente feminización do alumnado e das titulacións acadadas, a tendencia debera indicar un grado de participación de mulleres entre o profesorado das Universidades en xeral, e da USC en particular. Pola contra, ao centrar o foco de atención na distribución porcentual de profesorado, cabe sinalar que tanto para o ámbito universitario galego, como na USC, a inversión resulta máis que relevante. Para o ámbito autonómico, o cómputo de profesorado universitario presenta unha masculinización imperante, cun 60,83% de homes fronte a un 39,2% de mulleres. Unha tendencia que nada ten que ver cos datos de alumnado.



Elaboración propia

Fonte. IGE. Información subministrada directamente pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Para o caso da USC, e fixando na atención a evolución de persoal docente dende o ano 2011, evidéncianse lixeiras flutuacións ate o 2014 cun moderado incremento de mulleres nalgunhas das categorías de relevancia.

Cabe sinalar que o aumento de mulleres en postos docentes está acompañado dunha redución do número deses postos. No caso das cátedras, comezamos o período, no 2011, cun total de 371 (das que un reducido 18,1% son ocupadas por mulleres) e finalizamos, no 2014, cunha caída de 17 prazas, sendo un total para este ano de 354 (con un 21,8% de mulleres).

Similar tendencia é a acaecida no resto de categorías, mesmo nalgúns casos, como as de axudante doutor/a, as mulleres pasaron de representar entorno ao 60% do persoal a ser menos da metade (47,8%).

Os datos permiten consolidar na Universidade a pervivencia dunha situación de desigualdade entre o persoal docente. A tendencia crecente de matriculacións e titulacións femininas (a pesar da caída do peso do alumnado a nivel xeral) debería supoñer un maior acceso das mulleres tituladas universitarias a postos de relevancia na docencia. Os datos analizados e expostos nas gráficas e táboas recollidas no presente documento confirmar todo o contrario.

Táboa 14: Evolución da distribución do PDI por categoría e porcentaxe de mulleres. USC 2011-2014

	2011		2012		2013		2014	
	Total	% Mulleres	Total	% Mulleres	Total	% Mulleres	Total	% Mulleres
Catedráticas/os	371	18,1	384	20,3	363	20,9	354	21,8
Titulares	987	45,5	952	46,1	926	45,8	910	45,7
Catedráticas/os Escola Universitaria	18	27,8	15	33,3	9	33,3	8	25,0
Titulares Escola Universitaria	92	44,6	91	45,1	82	45,1	69	43,5
Axudantes	2	100	2	100	0	0,0	0	0,0
Axudantes Doutoras/es	25	64	26	65,4	14	50,0	23	47,8
Contratados Doutoras/es	232	54,7	223	54,7	240	52,9	234	53,0
Asociadas/os	425	30,1	323	30,7	336	32,1	345	32,5
Eméritos	19	5,3	6	16,7	4	0	0	0,0
Colaboradoras/es	18	50	15	40	14	42,9	14	42,9
Lectoras/es	12	83,3	11	72,7	11	72,7	11	72,7
Interinas/os	53	52,8	74	47,3	95	54,7	124	54,8
Outros	8	25	1	0	0	0	7	28,6
TOTAL	2.262	39,1	2.123	40,2	2.094	40,5	2.099	40,8

Fonte: Estatística USC

II. Benestar e calidade de vida

9. Conciliación e Corresponsabilidade

Conciliar significa facer compatibles as necesidades e responsabilidades nos ámbitos persoal, profesional e familiar de calquera persoa. Búscase equilibrar o tempo e o esforzo, así como a corresponsabilidade nos ámbitos do traballo produtivo e reprodutivo.

O peso do traballo reprodutivo continúa a recaer sobre as mulleres, o que mingua o desenvolvemento das súas aspiracións socio-profesionais. A imposibilidade ou dificultade de conciliación supón un dos grandes atrancos para o avance da igualdade real entre mulleres e homes.

A incorporación das mulleres ao traballo produtivo supuxo un dos cambios sociais de maior profundidade no pasado século, e puxo de relevo o conflito e dificultades de adaptación do mercado de traballo, baseado na división sexual das tarefas, a esta nova realidade. Polo que, a pesares, dos avances conseguidos en materia de

igualdade, nas realidades cotiás das mulleres e homes (das familias) persiste un reparto desigual das tarefas e responsabilidades.

A idea do traballo reprodutivo como responsabilidade específica das mulleres permanece no imaxinario simbólico colectivo, asignándolles de maneira case absoluta, as actividades relacionadas coa crianza, o coidado de fillos e fillas, a atención ás persoas dependentes e a responsabilidade das tarefas vinculadas ao mantemento da unidade doméstica, afectando, entre outras, ás carreiras e expectativas de crecemento profesional.

A achega económica das mulleres segue mantendo a visión de ser unha *axuda* ou un *complemento* na economía familiar aos ingresos principais (persistencia do varón sustentador), máis que un signo de autonomía e independencia económica e auto realización persoal. A maiores, a combinación do desexo de crecemento profesional e a presión social do mantemento dos roles tradicionais, conduce ás mulleres a unha esquizofrénica dobre (tripla ou múltiple) xornada e a malabarismos vitais para poder chegar *a todo,* repercutindo notablemente na súa saúde física, psíquica e emocional. A consecuencia máis habitual ante a incapacidade de aturar esta situación, é o abandono do mercado laboral produtivo.

O conflito entre vida familiar e vida laboral é de grande transcendencia e ten fortes implicacións no ámbito reprodutivo, non só individual, senón no proceso de reprodución social, polo que a cuestión da conciliación deixa de ser un problema de mulleres para pasar a ser un problema social.

A incidencia sobre as mulleres cando hai menores a cargo é superior que sobre os homes. As reducións de xornada coa conseguinte mingua sobre os seus salarios é de 12 puntos superior no continxente de mulleres traballadoras. Fenda que se minimiza cando a decisión pasa pola flexibilización e/ou coordinación da xornada laboral, supoñendo só 5 puntos de diferencia. Parece que os continxentes de homes traballadores coordinan e xestionan dun xeito máis flexible os horarios, que non supón unha mingua salarial, mentres que entre os continxentes femininos se da unha maior incidencia na redución da xornada.

Táboa 15: Persoas traballadoras con fillas e fillos de 0 a 12 anos que utilizan medidas de conciliación laboral por sexo. Galicia 2012

	Redución xornada		Flexibilización ou coordinación da xornada	
	Incidencia	Número	Incidencia	Número
Muller	17,5	22.262	36,8	46.761
Home	5,1	7.870	24,6	37.576
Total	10,8	30.132	30,2	84.337

Fonte: IGE. Instituto Galego de Estatística. Ministerio de Trabajo e Inmigración. Anuario de Estadísticas.

Atendendo globalmente aos datos para Galicia, confirman o mantemento da tendencia de ser as mulleres as que toman os permisos e excedencias para coidados.

Observando a evolución resulta de interese sinalar que a curva de solicitude de excedencias para cuidado de fillas e fillos en Galicia, presenta unha flutuación con leves variacións anuais no global de solicitudes atendendo á desagregación por sexo e constatando que, en efecto, a cada ano de avance a porcentaxe de mulleres (segundo esas flutuacións) é máis reducida, pasando do 95,1% a principio de período analizado (ano 2005) a un 92,6% para o ano 2014.

A primeira vista este dato pode levar a engano, ao aparentar unha constatación da redución de excedencias por parte das mulleres traballadoras. Pero, a análise detallada dos datos globais facilita unha situación máis definitoria, presentando unha panorámica inversa da redución porcentual, xa que ao longo do período analizado o total de mulleres segue a incrementarse, mantendo na realidade unha clara situación diferencial inclinada cara a feminización das excedencias.

Sinalar que este incremento tamén se está a evidenciar nos continxentes de homes traballadores, o que favorece por unha banda esa percepción de redución das excedencias solicitadas por mulleres, e por outra banda permite pensar nun cambio de tendencia favorecedora cara a corresponsabilidade dos coidados.

Táboa 16: Excedencias por coidado de fillos e fillas segundo o sexo da persoa perceptora. Galicia 2005-2014.

	Mulleres	Homes	Total	% Mulleres
2005	364	19	383	95,1
2006	390	30	420	92,8
2007	457	40	497	91,9
2008	447	30	477	93,7
2009	503	39	542	92,8
2010	482	29	511	94,3
2011	520	35	555	93,7
2012	505	31	536	94,2
2013	506	31	537	94,2
2014	515	41	556	92,6

Fonte: IGE. Instituto Galego de Estatística. Ministerio de Trabajo e Inmigración. Anuario de Estadísticas.

A liña evolutiva, tal como se relatou a partir da táboa, segue amosando, a pesar das leves pero evidentes flutuacións, que é entre o continxente de mulleres traballadoras onde acontecen o maior número de solicitudes de excedencias por coidados, e que a pesar da importante tendencia alcista na porcentaxe de solicitudes entre homes, a liña representativa da poboación traballadora feminina segue moi por enriba, e en paralelo, cos datos totais de solicitudes.



Elaboración propia

Fonte IGE. Instituto Galego de Estatística. Ministerio de Trabajo e Inmigración. Anuario de Estadísticas

Salientar, por outra banda, o aumento da esperanza de vida da poboación, indicador demográfico máis significativo no crecente envellecemento poboacional e que ten maior índice de concentración nas zonas rurais, máis invisibles e menos accesibles. A este elemento súmase que o xénero predominante nas idade avanzadas é feminino, xa que son elas as que teñen unha maior esperanza de vida, supoñendo, implicacións específicas para a sociedade.

A Dependencia é un elemento máis a ter en conta no deseño de políticas dirixidas a mellorar a conciliación así como favorecer a corresponsabilidade socio comunitarias.

É norma xeral en tódalas sociedades desenvolvidas que a prevalencia da dependencia se vexa incrementada coa idade. En Galicia, co constatable envellecemento da poboación, a concentración de persoas dependentes conforma os grupos superiores supoñendo, no seu conxunto, o 77,1% da poboación dependente a maior de 64 anos. A dependencia nestas idades conleva, así mesmo, unha convivencia con diferentes enfermidades ou problemáticas de saúde co agravante da falta de autonomía persoal e as necesidades de atención e coidados específicos.

Ao abordar os índices de poboación dependente, a primeira imaxe que se ofrece está vencellada aos extremos superiores de idade, á poboación envellecida. Pero é importante non deixar atrás a perspectiva da dependencia en persoas de menor idade. Entre o grupo poboacional de idades máis novas a dependencia é maior entre homes (24%) que nas mulleres (8,5%) se ben a poboación infantil e a de mediana idade representan unha menor porcentaxe sobre o global da incidencia da poboación dependente, son un indicador fundamental para as políticas sociocomunitarias.

Neste extremo inferior atopamos que un 13,9% da poboación con dependencia está por debaixo dos 50 anos.

Táboa 17: Persoas dependentes por sexo e idade. Galicia 2011

	mulleres	homes	total	%mulleres	%homes	%total
Menos de 50 anos	5.249	7.832	13.081	8,5	24	13,9
De 50 a 64 anos	4.844	3.628	8.472	7,9	11,1	9
De 65 a 74 anos	5.376	4.965	10.341	8,7	15,2	11
De 75 ou máis anos	46.199	16.158	62.356	74,9	49,6	66,2
Total	61.668	32.583	94.251	65,4	34,6	100

Elaboración propia

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares

A incidencia da dependencia na área de Compostela (3,34) é similar, en cifras globais, ao caso galego (3,45).



Elaboración propia

Fonte. IGE enquisa Estrutural de fogares

Os coidados e atención de tipo informal das persoas dependentes e maiores en situación de dependencia está en mans, eminentemente, de mulleres como se pon de manifesto nos estudos existentes. As tarefas de coidado recaen sobre as mulleres nunha porcentaxe moi elevada sobre o total do universo das persoas coidadoras.

Máis do 60% dos casos de coidadoras en Galicia son mulleres. O perfil maioritario correspondese ao dunha muller de mediana idade (entre 45 e 64 anos), tramo no que o número de homes coidadores representa a porcentaxe máis reducida con menos do 25 por cento (24,11%).

Entre a poboación masculina de coidadores hai maior presenza destes na franxa extrema superior de idade. Podemos inferir que son coidadores de mulleres de idade avanzada, posiblemente a súa parella, con algunha enfermidade que reste autonomía persoal. Aínda así, non debemos obviar que na actualidade se trata dun perfil moi heteroxéneo e no que existen un amplo continxente masculino.



Elaboración propia

Fonte. IGE enquisa Estrutural de fogares

O envellecemento poboacional afecta tamén ás estruturas e á organización das familias. Derivado do aumento da lonxevidade, non é raro atopar fogares nos que conviven varias xeracións dunha mesma familia. A coexistencia interxeracional nun mesmo momento e espazo ten unha compoñente de historicidade actual. Atopamos así fogares nos que conviven nais/pais, con fillos/fillas e tamén avós/avoas e incluso unha cuarta xeración con bisavós/bisavoas.

Con todo, en Santiago de Compostela o número de fogares con aló menos unha persoa maior de 64 anos é reducido (para o ano 2013 nun 20,5% dos fogares había unha persoa de 65 anos ou máis, e no 14,3% dúas ou máis).

Táboa 18: Evolución dos fogares segundo o número de persoas de 65 anos ou mais. Compostela.2001-2013

	2011		2012		2013	
	Número	%	Número	%	Número	%
Ningunha	24.139	66,6	24.067	69,7	24.680	65,1
Unha	6.929	19,1	6.362	18,4	7.786	20,5
Dúas ou máis	5.184	14,3	4.107	11,9	5.435	14,4
Total	36.252	100	34.536	100	37.901	100

IGE. Enquisa estrutural a fogares

No momento en que unha persoa membro da familia se atopa en situación de dependencia, dentro do sistema familiar, sempre hai unha persoa que se fai cargo desta responsabilidade e, como vimos de destacar, na maioría dos casos temos un perfil de muller de mediana idade, realizando estas tarefas.

Cabería analizar (aínda non sendo obxecto específico desta diagnose) se esta asignación ven definida a partir dun acordo ou toma de decisión conxunta dentro do ámbito familiar ou, simplemente, como unha designación percibida como responsabilidade específica dunha persoa (normalmente muller) por mor dun mantemento de roles diferenciais culturalmente asumidos.

As diferencias de xénero nos coidados e atención son unha manifestación máis das diferencias nos comportamentos familiares: a división do traballo doméstico, coidados e crianza. Atendendo a esta diferenciación poñemos o foco de atención en como inflúe o reparto das responsabilidades de coidado sobre unha maior ou menor dispoñibilidade de mulleres e homes para o acceso á promoción ou a permanencia no emprego, na participación social ou na política.

A incidencia sobre a vida das mulleres e homes, unha vez máis, maniféstase de xeito diferencial e recaendo o peso da elección sobre as mulleres en todos os items analizados. Son as actividades de ocio ou relacións familiares nas que maior incidencia (80,24) ten sobre a vida das mulleres a responsabilidade de atención a dependentes, seguidas da vida familiar (65,97). Cabe sinalar que a incidencia sobre estas actividades afecta tamén en maior medida aos homes sobre o total da análise.

A fenda de xénero máis ampla radica nas actividades vinculadas co traballo, ben sexa o de ámbito doméstico (espazo privado) ou remunerado/estudos (espazo público). No referido ás tarefas domésticas a diferencia da incidencia entre homes e mulleres supón case o dobre entre a poboación feminina (65,97 fronte ao 32,69). En canto ao traballo remunerado/estudios as mulleres teñen unha incidencia negativa sobre as súas expectativas de 14,7 puntos diferenciais. Estas dúas actividades, así mesmo, supoñen unha incidencia maior sobre as mulleres que o total sobre a poboación global.

Táboa 19: Actividades ou relacións que as persoas que coidan dependentes tiveron que suprimir ou reducir para poder coidar a dependentes por sexo. Galicia 2011

	Muller	Home	Total
"Actividades de ocio ou relacións sociais"	80,2	71,8	77,6
Vida familiar	66	51,9	61,6
Traballo doméstico	61,9	32,7	52,8
Traballo remunerado ou estudos"	34,9	20,7	30,5

Fonte: IGE. Enquisa Estrutural a fogares (INE)



Elaboración propia

Fonte: IGE. Enquisa Estrutural a fogares (INE)

10. Benestar social

Dende o punto de vista do benestar social as situacións de pobreza fan referencia á multiplicidade de carencias básicas: a non disposición dunha renda suficiente e a incapacidade de facer fronte a gastos correntes e de primeira necesidade. É obxecto deste apartado abordar, dende a perspectiva dos servizos sociais, as circunstancias que poden situar á poboación en risco de exclusión e a influencia sobre elas da das diferencias de xénero.

Cando falamos de pobreza, temos que distinguir entre pobreza grave e ausencia de benestar. A primeira refírese a situacións de insuficiencia de recursos económicos para facer fronte ás necesidades básicas como alimentación, vivenda, vestido e calzado.

A ausencia do benestar define a insuficiencia de recursos de carácter económico para facer fronte a bens de consumo considerados como “necesarios” socialmente e o acceso aos recursos e á participación en igualdade de condicións. En base a estes criterios a análise pretende por de manifesto a posible situación de desigualdade entre mulleres e homes e como pode supor un maior risco de precariedade, maior pobreza e maiores dificultades para a inclusión social.

Compostela conta cunha rede de servizos de prestación de servizos sociais públicos aos que se suman entidades prestadoras de tipo privado con e sen ánimo de lucro.

Táboa 20: Centros prestadores de servizos sociais e prazas autorizadas segundo tipoloxía e área de intervención. Compostela 2014

	Centros				Prazas autorizadas			
	Total	Privada	Pública	Social	Total	Privada	Pública	Social
Comunidade	2	0	1	1	0	0	0	0
Discapacidade	14	0	0	14	270	0	0	270
Familia	1	0	1	0	0	0	0	0
Igualdade	0	0	0	0	0	0	0	0
Inclusión	4	0	0	4	191	0	0	191
Infancia	34	20	9	5	1.798	843	707	248
Maiores	12	5	4	3	992	298	424	270
Menores	4	0	0	4	34	0	0	34
Total	71	25	15	31	3.285	1.141	1.131	1.013

Fonte: IGE. Datos extraídos da Consellería de Traballo e Benestar

Para datos do ano 2013 o número de pensionistas en Compostela ascendía a un total de 17.474 persoas, un 18,1% da poboación total para ese ano (96.041). Delas 9.118 son mulleres e 8.356 homes (o 52,18% fronte o 47,81%).



Elaboración propia

Fonte. IGE instituto Galego de Estatística- Elaboración a partir dos ficheiros da Seguridade Social

Coa división do traballo os sistemas de pensión actuais conducen a moitas mulleres á precariedade durante a súa vida laboral e á pobreza ao longo da súa vida. A situación económica das persoas maiores ven determinada pola contía das pensións que perciben, sexan por xubilación ou pensións de viuvez, sendo estas últimas, en maior medida, percibidas pola poboación feminina, tal como observamos na táboa de datos para o entorno autonómico.

Son elas, maiores de 60 anos, as que representan o continxente de perceptoras de pensión de viuvez en cifras porcentuais por riba do 80%.

Táboa 21: Pensións de Viuvez segundo sexo e idade. Galicia 2014

Ambos sexos	Total	Mulleres	Homes	%Mulleres
60 - 64	10.968	9.687	1.281	88,3
65 - 69	16.798	15.303	1.495	91,1
70 - 74	22.064	20.214	1.850	91,6
75 - 79	28.232	25.825	2.406	91,5
80 - 84	38.501	35.063	3.438	91,1
85 e máis	53.047	46.663	6.384	88,0

As pensións veñen de converterse nun mecanismo de seguridade para a vellez, en canto que supoñen para moitas persoas os únicos ingresos mensuais, sobre todo para as mulleres.

Compostela conta cunha poboación de 1.480 persoas beneficiarias de pensións non contributivas. Das que un 68,6% son mulleres (fronte a un 31,4% de homes). A división do traballo configura a base da situación desigualitaria no sistema de pensións, xa que ao longo da súa vida (laboral) as mulleres teñen menores salarios e máis fendas na cotización. Esta diferencia ao longo da traxectoria laboral ocasiona maiores penalizacións ás mulleres á hora da xubilación.



Elaboración propia

Fonte. IGE. Instituto Galego de Estatística. Datos da Consellería de Traballo e Benestar. Información subministrada directamente

No que respecta ás beneficiarias de pensións por invalidez dun total de 598 persoas beneficiarias, máis da metade son mulleres.

Gráfica 48. Porcentaxe de persoas beneficiarias de pensións por invalidez por sexo. Compostela 2014



Elaboración propia

Fonte. IGE. Instituto Galego de Estatística. Datos da Consellería de Traballo e Benestar. Información subministrada directamente

Atendendo ás beneficiarias de pensións por xubilación, dun total de 882 persoas perceptoras dunha pensión non contributiva de xubilación, case oito de cada dez (77,4%) son mulleres.

Gráfica 49. Porcentaxe de persoas beneficiarias de pensión no contributiva de Xubilación por sexo. Compostela 2014



Elaboración propia

Fonte. IGE. Instituto Galego de Estatística. Datos da Consellería de Traballo e Benestar. Información subministrada directamente

No tocante ás rendas de integración (RISGA) e as axudas de emerxencia social (AES), un total de 131 persoas reciben o RISGA das que 76 son mulleres e 55 homes. As Axudas de Emerxencia Social (AES) teñen por beneficiarias a un total de 14 persoas sendo 11 mulleres e 3 homes.



Elaboración propia

Fonte: IGE. Instituto Galego de Estatística, a partir de datos da Consellería de Traballo e Benestar. Informe sobre a aplicación e avaliación da lei galega de medidas básicas para a inserción social

A diferencia na contía, reflicte unha desigualdade de acceso derivado dunha menor disposición económica. O importe das pensións percibidas polas mulleres, con independencia do tipo, é menor que a media. Esta situación vese agravada co paso dos anos e a maior idade da persoa (muller) perceptora menor contía percibida. O dato de importe medio total de pensións en Compostela é de 943,61€, e a mediana do importe total 722,55€. As contías percibidas polas mulleres están por debaixo da media, tanto no importe medio con 811,83€ como na mediana do importe, 631,3€.



Elaboración propia

Fonte. IGE instituto Galego de Estatística- Elaboración a partir dos ficheiros da Seguridade Social

UAMI (Unidade de Atención ás Migracións)

A Oficina Municipal encargada da acollida inicial ás persoas emigrantes, inmigrantes e retornadas, ofrece información e asesoramento sobre o conxunto de actuacións dirixidas á cidadanía migrante.

O total de persoas atendidas durante o ano 2014 foi de 263 das que un 58,6% son mulleres e un 41,4% homes.

Os datos por idades non están desagregados por sexo. O volume de persoas inmigrantes extracomunitarias están dentro do rango de idade 18-65 anos segundo manifestan as persoas encargadas do servizo.



Elaboración propia

11. Violencia de Xénero

"Todo acto de Violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que causa, ou é susceptible de causar ás mulleres, dano ou sufrimento físico, psicolóxico e/ou sexual, inclúe a ameaza deses actos e a limitación ou privación arbitraria da liberdade, tanto na vida pública como na privada. A Violencia constitúe unha violación dos dereitos da persoa e das liberdades fundamentais, e impide parcial ou totalmente ás mulleres gozar de seus dereitos e liberdades"
Arti. I da Declaración sobre a eliminación da Violencia contra a muller, ONU 1993.

Vivimos nunha sociedade que paulatinamente vaise sensibilizando e rexeitando a Violencia de Xénero. A aprobación da lei estatal *'Ley Integral Contra la Violencia de Género'*[2] supón un punto de inflexión na visibilización e identificación deste tipo de violencia por parte da sociedade. Pero esta nova realidade, convive con vellos padróns de socialización e comportamentos que resístense a desaparecer. Polo que a

2 *Ley Orgánica de medidas de protección integral contra la Violencia de Género 1/2004 de 22 de Diciembre.*

colaboración entre resposta cidadán e o apoio constante por parte das administracións públicas resulta indispensábel para favorecer a eliminación de modelos tradicionais discriminatorios.

A violencia é consecuencia directa da construción cultural baseada na división sexual e do histórico reparto asimétrico do poder sobre a que se establece a relación entre os sexos. A Violencia de Xénero implica para as mulleres sufrimento, vivir baixo a permanente ameaza da súa integridade física, emocional e psicolóxica, a humillación, ao illamento, á destrución da propiedade e as restricións de acceso a elementos básicos, á negación da situación por vergoña, medo, …

A Violencia de Xénero, atenta contra os dereitos fundamentais das mulleres e seu dereito a vivir sen violencias. Por este motivo non é unha cuestión privada, senón un grave problema que afecta a toda a sociedade. A característica principal da Violencia de Xénero é a súa invisibilidade, por ela faise máis relevante a resposta e o rexeitamento social desta lacra.

Xa que non posuímos datos concretos a nivel municipal, cremos importante incorporar os datos autonómicos así como os facilitados a través do *Portal Estadístico de la Delegación de Gobierno para la Violencia de Género* da *Secretaría de Estado de Servicios Sociales e Igualdad* do partido xudicial de Santiago de Compostela.

Galicia contabilizou no ano 2014 un volume de 5. 209 denuncias por Violencia de Xénero, un 4.10% do total do Estado.

Do total de vítimas rexistradas (1.215) un 70% tiñan entre 18 e 44 anos, sendo a franxa de idade entre 25 e 44 anos á máis relevante cun 57,8% dos casos, seguida da franxa 45-64 anos cun 24,8%. Nos extremos de idade, as menores de 18 anos representan o 1,2% do total de vítimas por violencia de xénero e as mulleres maiores de 65 anos o 3,9%.

ráfica 53. Victimas de Violencia de Xénero segundo grupos de idade.Galicia 201



Elaboración propia

Fonte IGE. Isntituto Galego de Estatística. INE Estadística de Violencia de Género

No que se refire á orixe xeográfica das mulleres vítimas de Violencia de Xénero, en Galicia son as mulleres do continente europeo as que representan o maior número de denuncias (1.008 mulleres), sendo as de nacionalidade española as máis elevadas con 937 dos casos rexistrados. Importante é o número de mulleres de procedencia americana, que polo perfil de migración xeral en Galicia, podemos inferir que pertenzan ao continente suramericano; elas supoñen o groso das mulleres de nacionalidade non europea, con 187 casos.

Por outra banda sinalar o escaso número de mulleres de procedencia africana e asiática, este baixo número de casos rexistrados, non debe entenderse, só, en clave de non existencia de casos de violencia de xénero entre este colectivo, máis ben, esta baixa incidencia pode ser debida por un lado á baixa migración en Galicia de poboación procedente destes espazos xeográficos e, por outro, lado a un menor coñecemento e acceso aos recursos existentes de atención ante situacións de Violencia en particular, e servizos de asistencia en xeral.

Táboa 22: Vítimas de violencia de xénero segundo o continente de procedencia. Galicia 2014.

Continente	Número
Europa	**1.008**
España	937
Resto da Unión Europea	53
Resto Europa	**18**
América	**187**
África	**18**
Asia	**2**
Oceanía	**0**
Total	**1.215**

Fonte: IGE. Datos extraídos do INE, estatística sobre Violencia de Xénero

En canto á evolución das denuncias, preséntanse os datos recollidos no partido xudicial de Santiago de Compostela, como unidade territorial para a administración de xustiza (conformado polos municipios de Ames, Boqueixón, Santiago de Compostela, Teo e Vedra, con sede en Compostela), polo que non podemos coñecer especificamente o computo individual dos delitos cometidos por cada un dos municipios que o conforman.

No período analizado a evolución do número de denuncias interpostas nos xulgados compostelans presentan unha flutuación, cun pico de caída importante rexistrado entre os anos 2011-013 (este último presenta o dato de denuncias máis baixo do período, 126), por debaixo da media de denuncias rexistradas en todo o período (185 denuncias por ano). Pola contra a curva no ano 2014 experimenta un crecemento substancial con respecto ao ano anterior, situándose por encima do inicio do período cun total de 244 denuncias rexistradas.



Elaboración propia

Fonte: Portal Estadístico Delegación de Gobierno para la Violencia de Género. Denuncias. Secretaría de Estado de Servicios Sociales e Igualdad

Entre as denuncias recibidas no partido xudicial de Santiago de Compostela o 66% das mesmas foron orixinadas a partir de atestados policiais con denuncia directa da vítima, seguidas en número polas presentadas por intervención directa da policía (14,6%).

En menor medida están as denuncias presentadas por familiares das vítimas, tanto directamente como a través de atestados policiais. Nun 12% dos casos veñen de partes de lesións da atención ás mulleres agredidas. Os datos ofrecen unha panorámica na que xoga un papel importante a intervención de terceiros sobre os casos para que as agresións cheguen a denuncia no xulgado.

Táboa 23: Número de Denuncias e porcentaxes das mesmas segundo a orixe da denuncia. Partido Xudicial de Santiago de Compostela. 2014.

Orixe da denuncia	Número de denuncias	%
Presentada directamente pola vítima	38	3,1
Presentada por familiares da vítima	6	0,5
A partir de atestados policiais con denuncia da vítima	820	66,0
A partir de atestados policiais con denuncia de familiares da vítima	36	2,9
Atestados policiais por intervención directa da policía	181	14,6
Parte de lesións	150	12,1
Servizos asistenciais-terceiros en xeral	11	0,9

Elaboración propia

Fonte: Portal Estadístico de la Delegación de Gobierno para la Violencia de Género. Denuncia. Secretaría de Estado de Servicios Sociales e Igualdad

CIM. Centro de Información á Muller

O CIM de Compostela conta con un servizo de Asistencia Xurídica, Asistencia Laboral e Asistencia Psicolóxica, dirixida en particular a mulleres, aínda que atenden consultas (as menos habituais) tamén a homes.

O Centro de Información á Muller de Compostela atendeu no ano 2014 un total de 1.441 persoas das que un 99,2% (1429) foron mulleres e un 0,8% homes (12). O CIM é un servizo dirixido á atención especializada en materia de igualdade e a favorecer a participación e acceso ao recursos á mulleres. Ao tempo, é o centro de referencia para a atención temperá a vítimas e/ou posibles vítimas de Violencia de Xénero, o que facilita a comprensión desta diferenciación nas porcentaxes.

Das atencións persoais xeráronse un total de 5.011 consultas das que un 57,3% (2873)das mesmas foron de asistencia xurídica, un 13,3% (666) de xestión de recursos sociais, 630 consultas foron para atención psicolóxica (12,6%), e un 10,2% específicas de atención a vítimas de Violencia de Xénero (512). En menor medida atencións realizáronse xestións dirixidas ao emprego.



Elaboración propia

Fonte: CIM Santiago de Compostela. Información suministrada directamente

Dende o ano 2005, o Concello de Santiago ten incorporado o Servizo de Teleasistencia móbil para mulleres vítimas de Violencia de Xénero, xestionado a través do Centro de Información á Muller. Un programa específico para vítimas de Violencia de Xénero con orde de protección, que permite unha atención e seguimento a distancia, co fin de garantir a intervención inmediata e adecuada en situacións de emerxencia.

A táboa, que presentamos a continuación, mostra a evolución das unidades facilitadas dende o CIM a mulleres no período 2010-2015. Os datos referidos, non permiten establecer unha tendencia lineal, xa que as oscilacións son frecuentes no número de dispositivos facilitados. Aínda así, podemos constatar, que o ano 2012 representa o incremento máis elevado destes dispositivos. Nos últimos tres anos, o número de servizos de teleasistencia móbil non alcanzan esta cifra, sendo en todos os casos inferiores a 20.

Táboa 24: Número de usuarias beneficiarias do servizo de teleasistencia móbil para mulleres vítimas de Violencia de Xénero (TAM/VX). CIM Compostela 2010-2015

Ano	Número de usuarias
2010	9
2011	8
2012	21
2013	16
2014	17
2015	11

III Tempo de lecer

Nas cidades do noso contexto cultural, a configuración dos tempos e dos espazos determina a organización de vida da cidadanía. Coñecer o entorno de convivencia nos espazos colectivos, axudará a mellorar as políticas locais para favorecer unha vida mais plena, autónoma e satisfactoria, creando entornos que contribúan a unha maior calidade de vida e construíndo un espazo público mais humanizado.

Hoxe en día, a poboación que configura as cidades é múltiple e dende a administración municipal débese ter en conta esta diversidade á hora de elaborar políticas de actuación. O concepto de Igualdade de Oportunidades tense que expandir máis aló das relacións igualitarias entre homes e mulleres. A igualdade como camiño colectivo implica o trato igualitario para todas as persoas que integran unha sociedade, atendendo ás diferencias cal queira que sexan (procedencia, étnica, sexo, mobilidade, orientación sexual, etc).

O concepto de Cultura vai máis aló da acepción referida ao conxunto de coñecementos, valores e patrimonio, tanto material como inmaterial, dunha sociedade. Tamén contempla unha definición mais ampla que fai referencia a todas as actividades de desfrute, para as relacións sociais e o desenvolvemento da vida da cidadanía. Un tempo de lecer no que se desenvolven actividades de índole cultural, formativas, educativas, medio ambientais e deportivas de diferente calado. E en relación a estes espazos tamén se producen diferencias significativas respecto a mulleres e homes.

Salientar, a nivel de investigación, as dificultades derivadas da ausencia de información estatística desagregada a nivel local e a falta de datos desagregados por sexo nas diferentes actividades (sobre todo na participación nas actividades culturais).

Para paliar estas limitacións, acudiuse á información cuantitativa de carácter autonómico (coa finalidade de ofrecer unha visión xeral), aos datos recollidos dos Centros Socio Culturais de índole municipal así como á información cualitativa recollida nas entrevistas e mesas de participación cidadá.

Como indicamos anteriormente, as fontes estatísticas consultadas non contemplan a desagregación por sexo en todas as variables de análise. Para abordar este apartado da diagnose, acudimos como fonte de información á *Enquisa Estrutural á Fogares* elaborada polo Instituto Galego de Estatística.

Atendendo a esta eiva podemos inferir, baixo criterios de xeneralización, que no ámbito da cultura, como reflicten as gráficas presentadas no seguinte apartado, a frecuencia ou asistencia a espazos e actividades culturais é moi reducida, no global da poboación galega. Máis do 50% dos resultados corresponden á "Nunca, por outros motivos", seguidos por aquelas persoas que manifestan "algunha vez ao ano" entorno ao 30% dos casos.

Hai que ter en conta cunha porcentaxe moi reducida, manifesta non acudir a estes eventos culturais por "non dispor dese servizo preto do fogar", polo que dentro das opcións para non acudir poderían incluír factores de tipo económico e ou de dificultades para conciliar os tempos.

É a asistencia a espectáculos de índole musical (moderna, clásica, etc) a que presenta unha maior porcentaxe de frecuencia, seguida de visitas a museos, exposicións, arquivos, e en último lugar o teatro.



Elaboración propia

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares



Elaboración propia
Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares



Elaboración propia
Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares

Compostela é unha cidade referente cunha oferta cultural variada tanto por ser a capital autonómica, como pola concentración de servizos e espazos culturais e pola presenza notoria da Universidade e a poboación moza que atrae. Dita circunstancia convén tela en conta polo que os datos referidos para o entorno galego poden presentar diferencias considerables para unha extrapolación no ámbito municipal.

A pesar dos posibles matices diferenciais da análise cualitativa para esta diagnose podemos extraer información de relevancia sobre o ocio e actividade cultural de Compostela, que nos achega en maior medida ao elemento de análise.

No referido ao deporte esta constitúe unha actividade lúdica importante para o desenvolvemento de actitudes e relacións sociais, mesturando socialización e saúde persoal. Mais continúa manifestando fendas diferenciais entre mulleres e homes, resultando, tradicionalmente, unha actividade masculina e masculinizada tanto na presencia, na práctica activa, como na participación en eventos. Pola contra, só algunhas actividades veñen sendo consideradas como "femininas" e menos valoradas.

A análise da actividade física segue amosando como o xénero continúa a configurar as relacións coa práctica deportiva. En xeral son os homes os que realizan maior diversidade de actividades e en maior porcentaxe. As mulleres concentran as porcentaxes maioritarias en actividades como camiñar, sendo a práctica na que hai maior presenza de mulleres (80,8% fronte ao 62,5% de homes) e o maior diferencial con 18,3 puntos porcentuas; tamén en actividades nun ximnasio ou noutro centro deportivo (9,8% fronte ao 7,1%) e natación (2,7 fronte ao 2,5). No resto de actividades a presenza das mulleres é moi minoritaria como no caso dos xogos colectivos de balón nos que hai unha reducida representación feminina (0,6%) comparativamente coa masculina (8,4%)



Elaboración propia
Fonte: GE. Enquisa estrutural a fogares

Táboa 25: Porcentaxes segundo a principal actividade física ou deportiva practicada nos últimos 12 meses segundo sexo. Galicia 2014

	Mulleres	Homes	Total
Camiñar	80,8	62,5	71,9
Correr	2,1	7,3	4,6
Actividades nun ximnasio ou noutro centro (aerobic, ioga,..)	9,8	7,1	8,5
Acondicionamento físico na casa	1,3	1,7	1,5
Nadar	2,7	2,5	2,6
Andar en bicicleta	1,3	5,2	3,2

Xogos colectivos de balón (fútbol, baloncesto, voleibol...)	0,5	8,4	4,3
Caza ou pesca	0,1	2	1
Outro	0,9	3	1,9

Fonte: GE. Enquisa estrutural a fogares

Nota: os datos fan referencia á poboación de 16 ou máis anos que practicou actividade física ou deportiva nos últimos 12 meses.

Importante tamén, coñecer as dificultades ou motivacións para a práctica dunha actividades física ou deportiva. Para as mulleres hai dúas motivacións significativas: por unha banda a idade (12,2 fronte a 9% de homes) e por outra os problemas de saúde (24,1 fronte ao 20,4)

Táboa 26: Persoas segundo o motivo principal polo que non practicaron actividade física ou deportiva nos últimos 12 meses por sexo. Galicia 2014

	Mulleres	Homes	Total
Preguiza ou desgana	19,1	22,8	20,8
Non lle gusta	14,7	14,4	14,6
Idade	12,2	9,0	10,7
Cansazo polo traballo ou estudos	7,5	10,4	8,9
Problemas de saúde	24,1	21,2	22,8
Falta de tempo libre	20,7	20,4	20,6
Outro	1,7	1,7	1,7

IGE. Enquisa estrutural a fogares

Entidades deportivas en Compostela

Atendendo ao espazo deportivo queremos poñer o foco na situación desigual na participación das mulleres nas entidades e clubs de recoñecemento no ámbito estatal e con presencia nas divisións profesionais nas súas disciplinas deportivas. Son, en xeral, institucións deportivas de equipo (fútbol e baloncesto), tipoloxía que segundo vimos na táboa 25, contan cunha menor participación feminina.

Na actualidade, en Compostela contamos con cinco equipos de baloncesto feminino de base ou canteira (CB Cluny, La Salle CB, ADM Peleteiro, ADB Fontiñas, Pio XII (senior). Pola contra equipo de baloncesto da liga ACB e máis representativo da cidade(Obradoiro CAB), por traxectoria e por presenza na liga profesional, non ten un equipo feminino, nin teñen entre as filas das categorías base participación de nenas ou mozas.

Similar situación acontece na Sociedade Deportiva Compostela de fútbol na que tamén se vive unha ausencia de categorías de base nas que podan participar nenas ou mozas.

O Santiago Futsal, pola contra, si conta entre as súas filas con equipos femininos. E entre a súa canteira de categorías base participan nenas, aínda que en menor número que nenos.

Outro dos acontecementos deportivos anuais de transcendencia internacional na cidade é a Carreira Pedestre Popular na que na súa edición do 2015 contou cun total de 5.828 participantes, das que 1.418 foron mulleres (un 24,3% do total).Se fixamos o foco na participación segundo idade (a carreira distingue dúas categorías (maiores de 18 anos e menores de 18 anos): das 4.098 persoas participantes maiores de 18 anos, 674 eran mulleres (16%) e na categoría de menores de dezaoito anos, do total de 1.730 participantes, 744 foron nenas e/ou mozas (43%). Esta diferenciación entre mulleres adultas e menores pode ter a súa orixe na práctica habitual deportiva nos centros de ensino e actividades extraescolares, que favorece unha maior participación das nenas e mozas fronte as mulleres de idade adulta que xa están fora destes circuítos socializadores e de fomento da práctica deportiva.

Centros Socioculturais

O Concello de Santiago de Compostela dispón na actualidade unha rede de 40 centros socioculturais espallados por todo o territorio municipal. Neles desenvólvese un nutrido número de actividades de diverso carácter cultural, lúdico, formativo, asociativo, e de servizos á cidadanía xeral. A oferta é moi variada: dende actividades culturais e de tempo de lecer, ate actividades de promoción da saúde, nos diferentes espazos que prestan á cidadanía (para exposicións, fomento da lectura, xogo infantil, aulas de informática, espazos de cesión para xuntanzas e accións de entidades). Entre centros e locais sociais, Compostela ten un total de 47 puntos de encontro concibidos para o *uso e aproveitamento comunitario*.

Os datos que manexamos, son os recollidos no estatístico do ano 2014 no departamento que abrangue aos Centros Socioculturais. A oferta de actividades correspóndese ao último trimestre do presente ano.

Respecto a tipoloxía e ao público ao que van dirixidas, os Centros Socioculturais non dispoñen de actividades específicas ou exclusivas dirixas á mulleres.

Entre as dificultades de acceso á información para o análise, resaltar que na actualidade o departamento non dispón dun sistema elaborado que contemple a desagregación por sexos, ou favoreza un detalle de perfil social, de usuarias do servizo. A maiores o carácter gratuíto e aberto ao público en xeral, sen necesidade de inscrición previa da meirande parte das actividades, non favorece un rexistro de participación. Esta desagregación, ou rexistro máis elaborado, so, podería darse nas actividades catalogadas con aforo limitado e/ou aquelas que requiran algún tipo de inscrición con algún custe para a mesma.

Os datos que podemos recoller para a diagnose son os facilitados polo persoal dos CSC's a partires da súa experiencia e percepción, é que son as mulleres, sobre todo nas actividades de carácter familiar, o colectivo de maior grado de participación.

Os Centros Socio Culturais, xogan un papel determinante na adecuación e na participación do ocio e o tempo de lecer na cidadanía. Contan cunha ampla lista de actividades de carácter gratuíto ou cun custe máis reducido que no sector privado.

As actividades ofertadas nos Centros Socio Culturais da cidade son diversas e atenden a multiplicidade de intereses para o tempo de lecer:

- *Actividades Musicais de aprendizaxe e perfeccionamento instrumental (gaita, frauta, guitarra, pandeireta…)*
- *Actividades Deportivas adaptadas as diferentes idades (Zumba, ioga, Baloncesto, Xadrez, Ximnasia de mantemento…)*
- *Actividades Culturais: Teatro, Baile, Ocio Xove, Pintura, Animación á lectura….*
- *Aprendizaxe e perfeccionamento de Linguas estranxeiras, cunha clara centralización no idioma Inglés (Inglés para adultas, Baby English…)*
- *Manualidades e Labores: Aprendizaxes variados que favorecen as destrezas e habilidades individuais (Palillo, Costura, Bordado…)*

Táboa 27: Número de actividades ofertadas e número de prazas por tipoloxía de persoas usuarias. CSC Compostela 2015

	Número de actividades ofertadas	Número de prazas ofertadas
Adultas e Sénior	105	995
Sénior	32	490
Adultas	61	946
Mocidade	8	101
Infancia	61	729
Todos os públicos	9	63

Elaboración propia

Fonte: Información subministrada directamente dende os Servizos Socio Culturais

Funcionan como espazos de socialización e encontro a través dos que dinamizar a vida social e cultural da poboación e construír cidadanía e barrio, tanto para as máis novas, a través das ludotecas existentes en moitos dos espazos da rede de Centros, como de persoas de máis idade. Ademais favorecen as relacións interxeracionais ao desfrutar do mesmo espazo común a persoas de idade máis avanzada a mocidade e a infancia.

Tal como indicamos anteriormente, na actualidade non hai rexistro de participantes desagregadas por sexo, polo que os datos que podemos facilitar responden a totais contabilizados dende o propio servizo: un total de 10.364 cesións a entidades e organizacións para a realización de actividades, e un total de 98.438 persoas asistentes a actividades nos centros.

Biblioteca

Dentro do abano de oferta de servizos dos Centros Socio Culturais, na actualidade é o servizo de biblioteca o único que permite contabilizar e facilitar o cómputo de persoas usuarias, segundo número de lectores/as. Dende o ano 2003, ate o mes de outubro de 2015, contabilizouse un total de 9.113 persoas usuarias do servizo de bibliotecas, que supón unha elevada participación cidadá.

A partir do ano 2010 ncorpórase o *Programa Meiga*, que contempla a desagregación de datos por sexo. Ao longo do ano 2014 do total 3.122 de persoas asistentes as mulleres representan a maior porcentaxe, un 63,2% das usuarias fronte a un 36,8% de usuarios. Segundo a idade das persoas usuarias, volvemos ter unha eiva en canto ao sistema de rexistro, xa que so se contempla a variable idade en dúas categorías: menores e maiores de 14 anos polo que a análise transversal de xénero vese limitada.



Elaboración propia

Fonte: Información subministrada directamente dende os Servizos Socio Culturais

A partir dos datos facilitados dende o servizo municipal de Centros Socio Culturais, e tendo en conta a dificultade que presentan polas carencias identificadoras para elaborar indicadores de xénero, podemos inferir que os CSC, son espazos coñecidos e recoñecidos por un gran número de cidadanía e que as actividades desenvolvidas nos seus espazos teñen unha gran acollida de público participante.

IV Participación social e asociacionismo

A participación no movemento asociativo reporta beneficios persoais, ao contar cun espazo de encontro habitual onde compartir con outras persoas intereses comúns, desfrutar de apoio emocional, un lugar onde desenvolver ideas, aficións e proxectos con persoas diferentes ás cotiás; onde compartir implica un proceso de aprendizaxe entre ensinar e aprender con e das outras.

Para as mulleres asociarse favorece, en moitos casos, a ruptura con situacións de illamento social e persoal. Facilita mecanismos formativos e un maior coñecemento e exposición das súas demandas. O movemento asociativo de mulleres vén sendo un mecanismo de elevada relevancia na loita pola igualdade de dereitos e oportunidades e, en definitiva, para o avance social das mulleres cara unha sociedade máis igualitaria en xeral.

O empoderamento das mulleres e a súa participación en igualdade de condicións na toma de decisións así como no acceso ao poder, resulta elemental para a consecución da Igualdade e o desenvolvemento efectivo. O empoderamento ha de ser entendido coma un proceso facilitador do acceso aos recursos colectivos, así como para o desenvolvemento das capacidades individuais fundamentais para garantir a participación na comunidade a nivel económico, social e político.

Dende os poderes públicos, e no caso que nos ocupa, dende os servizos municipais, pola súa proximidade á poboación, debe fomentar e posibilitar unha maior participación cidadá, potenciando un tecido asociativo forte e presente no seu territorio.

12. Visibilidade e presenza das mulleres en Compostela

Achegarse á participación require unha análise das diferenzas establecidas entre mulleres e homes na ocupación do espazo público, na que a presenza masculina ten sido historicamente maioritaria. O activismo asociativo e a participación política configuran, e permite identificar, os espazos de interese para a cidadanía, así como os papeis diferenciados de homes e mulleres.

Os ámbitos nos que enfocamos á nosa atención, ofrecen un retrato dos diferentes espazos nos que se produce participación, representatividade cidadá e toma de decisións.

Asociacionismo

- Segundo os datos ofrecidos polo Concello de Compostela as Asociacións de Mulleres dadas de alta no Rexistro Municipal pasaron de 22, no ano 2005 ,a 16 no ano 2015.
- No que respecta ás Asociacións Veciñais, na actualidade hai dadas de alta, e en activo, 38 asociacións das que 11 están presididas por mulleres.

Entidades Sectoriais

- Cámara de Comercio. No seu Comité Executivo, formado por 8 persoas, non hai ningunha muller. Das 14 vogalías só 2 están ocupadas por mulleres.
- Asociación de Empresarios de Hostalería de Santiago de Compostela e Comarca. Está composta por dúas seccións profesionais:

  - Hospedaxe: das 12 persoas que conforman a Xunta directiva, 6 son mulleres. Na actualidade a presidencia está ao cargo dunha empresaria.
  - Restauración: das 12 persoas que conformar a Xunta Directiva, 3 son mulleres.

  A pesar da participación das mulleres observamos que o uso da linguaxe para definir os cargos, así como a propia denominación da entidade, están en masculino.

- Asociación de Empresarios do Polígono do Tambre. Seu órgano máximo de goberno, a Xunta Directiva, está formada por 9 persoas entre as que non hai ningunha muller. A única muller presente no organigrama público da entidade está ao cargo da Oficina Administrativa de Formación

Representatividade na USC

- Reitorado-Consello de Dirección: Formado por 10 persoas das que 4 son mulleres
- Claustro: o máximo órgano de representación da comunidade universitaria.
- Mesa: dun total de 6 representacións do profesorado só 2 son mulleres. Dos restantes sectores, ningunha representante é feminina.
- Persoas membros: está composto por un total de 294 persoas, das que 79 (26%) son representantes do estudantado entre as que atopamos 38 mulleres.

Cultura

- Museo Do Pobo Galego

  - Na actualidade no cargo de dirección hai un home.
  - Nos órganos de goberno e representación: No Padroado das 6 persoas que o conformar ningunha muller, na Xunta Reitora de 10 membros 2 son mulleres (unha vogal e unha representante de socias e socios).

- Plano técnico: Das 13 persoas, 7 mulleres e ningunha en cargos de dirección

- Persoas membro do padroado:

  - numerarios: 52, das 9 son mulleres.
  - representantes persoas asociadas: 10, das que 6 son mulleres.

- Auditorio de Galicia

  - Actualmente o cargo de dirección osténtao unha muller

  - O organigrama xeral (Subdirección, Comunicación, Exposicións), na súa totalidade, a cargo de mulleres.

Entidades Deportivas

- Obradoiro CAB:

  - Organigrama xeral: das 33 persoas membros, só 8 son mulleres.
  - Consello de Administración: das 11 persoas membros só hai 1 muller.

- Sociedade Deportiva Compostela:

  - Organigrama Xeral: de 14 persoas membros, 3 son mulleres.

- Santiago Futsal

  - Directiva: 8 persoas membros ningunha muller en cargos de responsabilidade. Un dato significativo xa que das entidades deportivas consultadas é a única que conta con deporte de base feminino.

Non dispoñendo de información estatística sobre a participación de mulleres e homes nas diferentes asociacións, podemos concluír que os datos recollidos amosan unha clara desigualdade na representatividade de mulleres e homes nos espazos de toma de decisións das asociacións, organismos e entidades da cidade.

13. Administración Local

Á hora de analizar a presenza na administración municipal poñemos o foco de atención en dúas cuestións: por un lado as diferentes corporacións políticas municipais derivadas das eleccións dende o ano 2003 e por outro lado a plantilla municipal a través dos estatísticos e datos facilitados pola servizo de persoal do Concello Compostelán.

Política Municipal

A Corporación municipal está encabezada por un alcalde. O Concello de Compostela nunca contou cunha alcaldesa nas súas corporacións de goberno, e só nunha ocasión, nas eleccións celebradas no ano 2011 deuse a

circunstancia dunha candidatura que presentara unha muller como cabeza de lista e posible alcaldesa.

As diferentes corporacións municipais (atendemos só ás constituídas nos inicios das lexislaturas, non se contempla nestas táboas as modificacións posteriores de cargos) xurdidas das catro últimas eleccións teñen como punto de inflexión o ano 2007 no que respecta á representatividade e presenza de mulleres, momento no que entra en vigor a *Ley Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres,* e que incorpora no seu corpus a paridade na elaboración das listas electorais (40%-60%) e que ten consecuencias nas institucións de carácter público. Dende ese ano, as corporacións presentan un aumento da presenza de mulleres chegando a supoñer o reparto igualitario do 50% das concellerías.

Táboa 28. Configuracións de Gobernos Municipais segundo sexo. Compostela 2003-2015

	PP			PSOE			BNG			CA*		
	Total	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes
2003	10	1	9	11	5	6	4	1	3	-	-	-
2007	11	4	7	10	5	5	4	2	2	-	-	-
2011	13	6	7	9	5	4	3	1	2	-	-	-
2015	9	5	4	4	2	2	2	1	1	10	5	5

Elaboración propia

Persoal da administración

No que respecta á plantilla municipal analízase os datos de mulleres e homes por departamentos co obxecto de identificar ámbitos nas que a representación de mulleres e homes sexa diferencial.

O Concello de Compostela conta cun total de 672 persoas, das que 250 (37,3%) son mulleres e 422 (62,7%) homes

- A presenza de mulleres é absoluta nas áreas de Emigración/Inmigración, Festas Populares e Festexos, Muller, Mercados e Promoción Cultural e Normalización Lingüística. Hai que ter en conta que en algunhas destas áreas só hai unha persoa traballando no servizo.
- Nas áreas de Asistencia Social primaria, Atención cidadán, Política Económica e Fiscal e Promoción Cultural Centros Socio Culturais as mulleres supoñen mais do 70% do persoal.
- Medio Ambiente, Promoción Cultural e Asociacións Veciñais, Pavimentacións de vías públicas, Protección Salubridade Publica Presidencia e Promoción Cultural (estás dúas últimas cun so técnico traballando no departamento) están formadas na súa totalidade por homes.
- O 100% do Servizo de Extinción de Incendios son homes.
- Entre o Funcionariado de Servizos Especiais- Policía Municipal o 8,1% son mulleres fronte ao 91,9% de homes.

Táboa 29: Persoal Municipal por área segundo sexo. Compostela 2015

Área municipal	Mulleres	Homes	Total	% Mulleres
Educación	1	1	2	50
Administración xeral	55	42	97	56,7
Medio ambiente	0	3	3	0
Deportes	1	10	11	9,1
Vivenda e urbanismo	24	14	38	63,2
Asistencia social primaria	18	1	19	94,7
Atención cidadá	6	1	7	85,7
Desenvolvemento empresarial	3	2	5	60
Emigración/inmigración	1	0	1	100
Festas populares e festexos	2	0	2	100
Fomento do emprego	28	39	67	41,8
Informática	2	6	8	25
Mercados	1	0	1	100
Muller	2	0	2	100
Omic	1	1	2	50
Ordenación de tráfico e Estacionamento	2	4	6	33,3
Órganos de goberno	20	15	35	57,1
Promoción cultural e Asociacións veciñais	0	2	2	0
Parques e xardíns	3	14	17	17,6
Pavimentacións de vías públicas	0	11	11	0
Política económica e fiscal	30	12	42	71,4
Presidencia	0	1	1	0
Promoción cultural e Normalización lingüística	1	0	1	100
Promoción cultural: Centros Socio Culturais	17	6	23	73,9
Promoción cultural	0	1	1	0
Promoción cultural:Patrimonio histórico artístico	8	6	14	57,1
Protección salubridade pública	0	4	4	0
Seguridade e orde público	12	136	148	8,1
Servizo de extinción de incendios	0	53	53	0
UMAD	9	6	15	60
Total	**250**	**422**	**672**	**37,3**

Elaboración propia a partir de datos facilitados pola área de Persoal do Concello de Santiago de Compostela. Datos de 2015

Destaca unha baixa presenza de mulleres no conxunto do persoal técnico do Concello e unha distribución desigual en función dos diferentes departamentos, coa existencia de algúns servizos altamente feminizados, que correspóndese a ámbitos tradicionalmente considerados femininos: atención cidadán, asistencia social, Centros Socio Culturais. Mentres que noutros a presenza é moi reducida (Servizo de seguridade e orde público-Policía Municipal, Deportes, Parques e Xardíns) ou nula (Servizo de Extinción de Incendios).

Tamén é significativo, a presenza maioritaria de mulleres en áreas nas que historicamente ten sido minoritaria como é a de Urbanismo e Vivenda.

Segundo a tipoloxía de persoal as mulleres representan o 30,3% do funcionariado, sendo maioría entre o persoal interino (61,4%) e o 100% das persoas en outras situacións de contratación.

Táboa 30: Persoal Municipal segundo sexo e grupo. Compostela 2015

Tipo de persoal	Mulleres	homes	total	% Mulleres
Funcionariado	105*	242**	347	30,3
Interino	27	17	44	61,4
Laboral Fixo	59	54	113	52,2
Eventuais	48	45	93	51,6
Outros	9	64***	9	100

Elaboración propia a partir de datos facilitados pola área de Persoal do Concello de Santiago de Compostela. Datos de 2015

Notas:

* 10 pertencen a Funcionario Servizos Especiais (Policía)

**134 pertencen a Funcionario Servizos Especiais (Policía)

*** 40 Pertencen ao Corpo de Bombeiros

Para finalizar a análise das características do persoal municipal, poñemos o foco de atención na configuración en función da idade e sexo.

A partir dos datos podemos colixir que o concello compostelán dispón dunha plantilla altamente envellecida na que máis da metade do persoal (51,4%) son traballadores e traballadoras de máis de 50 anos. Do total de persoal un 41,8% ten idades comprendidas entre os 50 e 59 anos, e un 9,6% ten sesenta anos ou máis. Os homes representan porcentaxes máis elevadas nas idades avanzadas e próximas á xubilación.

Atendendo á variable de sexo observamos que as porcentaxes máis elevadas de mulleres se agrupan entre o persoal menor de 50 anos. Aínda que non podemos afirmar a existencia dunha progresiva feminización da plantilla, si inferir unha tendencia cara ela baseada no crecemento da porcentaxe de mulleres nas idades máis novas, que está a menos de tres puntos porcentuais de supoñer o 50% da mesma.

Táboa 31: Persoal Municipal segundo sexo e idade. Compostela 2015

Idade	Mulleres	Homes	Total	% Mulleres
<30	16	18	34	47,1
31-39	36	44	80	45
40-49	86	126	212	40,6
50-59	95	186	281	33,8
60 e máis	17	48	65	26,2

Elaboración propia a partir de datos facilitados pola área de Persoal do Concello de Santiago de Compostela. Datos de 2015